

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, sendo as nove horas e trece minutos do día vinte e oito de decembro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez (con atraso), Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María

Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (130).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de novembro e 28 de decembro de 2009.

2.- (131).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de novembro e 28 de decembro de 2009.

3.- (132).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- a) De data 09.12.09 de delegación de competencias en D. Carlos López Font durante a ausencia de D. Xulio Calviño Rodríguez.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de decembro de 2009, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez, dende o 10 ao 17 de decembro de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución de 05.07.2007, no concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez, delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, dende o 10 ao 17 de decembro de 2009, ambos incluídos.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xulio Calviño Rodríguez no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal, dende o 10 ao 17 de decembro de 2009, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterada da mesma.”

- b) De data 15.12.09 de delegación de competencias no Tenente de Alcalde durante ausencia do Alcalde-Presidente.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de decembro de 2009, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do Alcalde-Presidente, D. Abel Caballero Alvarez, entre as 14,40 horas do día 15.12.2009 ás 23,00 horas do día 16.12.2009, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.r da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das

S. Ordinaria 28.12.09

entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar as miñas competencias no Tenente de Alcalde, Santiago Domínguez Olveira, entre as 14,40 horas do día 15.12.2009 e as 23,00 horas do día 16.12.2009.

Segundo.- Notificar esta resolución ao Tenente de Alcalde e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Terceiro.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Cuarto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterada da mesma.”

A Presidencia da conta ó Pleno da Corporación das anteriores resolucións.

4.-.(133).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL, AECT. EXPTE. 1269/110.

ANTECEDENTES.- O concelleiro delegado de Xestión Municipal, mediante escrito de data 16 de decembro de 2009, preséntalle ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:

“O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular constitúese como unha asociación transfronteiriza de municipios, de dereito privado, sen fins económicos, que configuran o sistema urbano da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, da que forma parte o Concello de Vigo.

Transcorrido o tempo e ante as dificultades atopadas polos estados membros no ámbito da cooperación transfronteiriza, por parte da Comisión Europea establécese un novo instrumento de cooperación a escala comunitaria no contexto da reforma política rexional para o período 2007-2013, trátase da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), dotada de personalidade xurídica e aplicable a partires do 1 de xaneiro de 2007. dita figura, impulsada pola CE nace coa intención de que todas as entidades transfronteirizas se convertan en AECT, polo que aquelas que non se adaptan a esa figura xurídica

S. Ordinaria 28.12.09

progresivamente deixarán de ter senso.

Así pois o Concello de Vigo, integrado no Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, dentro do proceso de conversión referido, debe promover a súa integración na Agrupación Europea de Cooperación Territorial...”

A seguir, o concelleiro delegado de Xestión Municipal formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de decembro a secretaria xeral do Pleno emite o preceptivo informe co seguinte contido:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Regulamento (CE) núm. 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Internacional (AECT).
- Real Decreto 37/2008, de 18 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para aplicación efectiva do Regulamento (CE) nº 1082/2006.
- Decisión 2006/702/CE do Consello, de 6 de outubro de 2006, relativa ás directrices estratéxicas comunitarias en materia de cohesión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En relación coa proposta citada de solicitar a integración do Concello de Vigo na AECT no proceso de conversión do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, cómpre sinalar que este último conceptúase, segundo dispoñen os seus propios Estatutos, como unha asociación transfronteiriza de municipios, de dereito privado, sen fins económicos, que configuran o sistema urbano da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

A constitución do Eixo Atlántico baseouse legalmente no Convenio-Marco sobre cooperación transfronteiriza entre Comunidades ou autoridades territoriais publicado no DOCE. do 16 de outubro de 1990 e que entrou en vigor o 25 de novembro dese mesmo ano. Neste Convenio-Marco se determinan as condicións para o establecemento de asociacións transfronteirizas de dereito privado.

Pois ben nesa liña parece que abonda a actual proposta pois de conformidade coa normativa citada as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial son persoas xurídico-públicas, constituídas por entidades ou organismos de alomenos dous Estados membros da Unión Europea, que teñen por obxecto facilitar e fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional, coa finalidade exclusiva de reforzar a cohesión económica e social, polo que ante a eventual desaparición do mapa socio-económico do Eixo Atlántico, no que se atopa integrado o Concello de Vigo, este resultaría substituído pola AECT denominada Axencia Eurorrexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico.

Segundo.- En relación co obxecto, organización, competencias e regulación da AECT ditas cuestións fíxanse nun convenio de cooperación obrigatorio que se crea por iniciativa dos seus membros, que deciden si a AECT é unha entidade xurídica autónoma ou si confían as súas competencias a un dos seus membros e nos estatutos reguladores. En todo caso, actuará, dentro do límite das súas atribucións, en nome e por conta dos seus membros, posuíndo a capacidade xurídica que as lexislacións nacionais recoñecen ás persoas xurídicas.

Dentro da finalidade xa referida das AECT sinalar que se lle pode encomendar a execución de programas cofinanciados pola Comunidade, ou ben a realización de calquera outra intervención financeira comunitaria.

Sobre o financiamento da AECT, serán os estatutos reguladores, ou de seren o caso o convenio, os que recollan as modalidades de contribución financeira dos seus membros e as normas orzamentarias e contables aplicables.

Terceiro.- Polo tanto serán os estatutos e o convenio citado os que deberán recoller as determinacións relativas á organización e funcionamento da AECT, e cuestións tales como procedementos de toma de decisións, obxecto, tarefa e relacións cos seus membros, polo que a proposta que, neste intre, se somete a aprobación plenaria, ten maiormente unha natureza formal de adhesión á AECT, de manifestar a vontade do Concello de Vigo debendo someterse novamente a informe os posteriores acordos plenarios de aprobación de estatutos e convenio.

Cuarto.- A competencia para a adopción do presente acordo correspóndelle ó Pleno da Corporación, en execución da atribución recollida no artigo 123. 1 f) da Lei 7/1985, de aprobar os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, acordo que segundo o disposto no apartado 2 do referido artigo deberá ser adoptado por maioría absoluta do número legal de membros, esixíndose polo tanto a emisión de informe de Intervención, e posterior ditame pola Comisión Informativa de Xestión Municipal.

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente a proposta referida de solicitar a integración e a participación do Concello de Vigo na Agrupación Europea de Cooperación Territorial, denominada Eurorrexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico, nos termos sinalados no presente informe.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 21.12.2009, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Calviño Rodríguez do Grupo Popular do PSdeG-PSOE).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase: Solicitar a integración e a participación do Concello de Vigo na Agrupación Europea de Cooperación Territorial, denominada Axencia Eurorrexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico.

Explicación de voto do concelleiro Sr. Conde Gil, polo Grupo Popular:

Votamos a favor desta proposta do concelleiro delegado de Xestión Municipal, Sr. López Font, porque é un tema que no seu día xa propuxo o Grupo municipal do Partido Popular. O que temos que denunciar é o lenta que vai a burocracia neste Concello, parece que en determinados temas non avanzamos nunca. Isto é unha moción que presentamos en Rexistro o 13 de decembro de 2007, hai dous anos, aprobada por unanimidade deste Pleno o día 20 de decembro dese mesmo ano. Naquela época o Sr. López Font falaba de que había que aprobar un Real decreto, etc., decreto que se aprobou o 18 de xaneiro do ano 2008. Isto quere dicir que esperamos case dous anos neste Concello para traer esta proposta de integración na Agrupación Europea de Cooperación Territorial.

Por outra banda o Sr. Alcalde xa comezou o Pleno na liña que ven sendo habitual nel, con anuncios. No seu día anunciou na prensa que no edificio do Areal se poría en funcionamento de inmediato esta Oficina da Agrupación Europea de Cooperación Territorial, fíxose alí a correspondente foto e todas as circunstancias ás que nos ven acostumando e o certo é que estamos rematando o ano 2009 e vemos que a oficina da Axencia Europea de Cooperación Territorial non está aberta no edificio do Areal porque aínda nós na data de hoxe nos engadimos á mesma.

Tráese hoxe a este Pleno o expediente para a adhesión deste Concello á Axencia, a finais do ano 2009. Parécenos lamentable que, igual que acontece con outras moitas cousas neste Concello, os prazos sexan tan longos, non sabemos se é por falta de traballo o por falla de interese, supoñemos que é unha suma das dúas cousas. Como é a nosa responsabilidade estar conformes con que Vigo estea dentro da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, aprobado coma dixen por moción deste grupo o 20 de decembro de

2007, por iso votamos a favor da integración.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que o Sr. Conde se está confundindo totalmente de conceptos. O que estamos propoñendo aquí é a integración do Concello de Vigo como membro do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular dado que pola parte da Comisión Europea establécese un novo instrumento de cooperación. A asociación da que vostede fala non ten nada que ver con esta e efectivamente, no momento de presentar a moción, estaba pendente de que saíse no Boletín Oficial do Estado. Vostede refírese a outra cousa distinta que aínda está por desenvolver pero se leu vostede ben o expediente saberá que o que aquí sometemos a votación é solicitar a integración, a participación do Concello de Vigo na Agrupación Europea de Cooperación Territorial denominada Axencia Eurorrexional de Desenvolvemento do Eixo Atlántico en base a que o Concello de Vigo, como os outros concellos que están dentro do Eixo Atlántico, están facendo con este proceso de integración.

É isto o que estamos sometendo a votación e non outra cousa.

A PRESIDENCIA: Dado que votamos todos igual non paga a pena seguir coa discusión pero, Sr. Conde, hai dúas AECT, unha é da Xunta de Galicia, Rexión Norte de Portugal, e outra é do Eixe Atlántico. O que estamos facendo agora é engadirnos, como o resto dos Concellos de Galicia, á do Eixe Atlántico con independencia que a da Xunta, que xa está aprobada, ten que decidir cal é a súa sede que a decidirá no seu momento. Pero dado que votamos todos iguais non paga a pena seguir o debate.

Sendo as nove horas e dezaoto minutos se incorpora á sesión o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Calviño Rodríguez.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pe, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- (134).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó PAGAMENTO EN PRAZO ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DA LEI DE DEPENDENCIA. DOC. 90168162.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de novembro de 2009, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Numerosas persoas beneficiarias da Lei de Dependencia están denunciando o abandono que sofren por parte da Xunta de Galiza que non atende en prazo o pagamento das axudas.

O anterior goberno da Xunta viña abonando as cantidades relativas ás axudas para cuidadores e cuidadoras das persoas acollidas á Lei de Dependencia nos cinco primeiros días do mes. Nos últimos tempos, e coincidindo coa entrada do PP no goberno galego, o pagamento vense demorando cada vez máis; tal é o caso do mes de outubro pasado, onde a día 23 aínda estaban sen cobrar.

A propaganda da Xunta de Galiza pregoa que o gasto social para o ano 2010 non se vai reducir, pero a realidade é que o trato que se lle está a dar ás persoas usuarias da Lei de Dependencia contradí de plano este dato e bota por terra toda a propaganda que o PP está desenvolvendo, incluso a relativa a falta de financiamento estatal que, aínda existindo, é só un dos varios problemas que a Xunta de Galiza non atende.

A maiores hai que indicar que dende a Xunta non se está a facilitar ningún tipo de información ao respecto, non hai literalmente a quen acudir, co cal a indefensión na que se atopa o colectivo de dependentes é patente. Coincide isto co marasmo e inacción da que fai gala a Consellaría de Traballo e Benestar, en xeral.

O certo é que a día de hoxe a Xunta de Galiza está aforrando o pagamento das persoas dependentes, engrosando as arcas públicas á conta daquelas persoas que máis o necesitan, as persoas máis indefensas da nosa sociedade.

Por isto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno do Concello a seguinte proposta de ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a:

1.- Dotar nos Orzamentos recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

2.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3.- A instar ao Goberno do Estado a que dote de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei.

4.- Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.

5.- Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.”

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 21 de decembro de 2009, ditaminou favorablemente a presente moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Traemos esta moción a Pleno porque en moitos Concellos estamos a recibir por parte da xente acollida á Lei de dependencia unha serie de queixas a respecto de que non se atende en prazo o pagamento das axudas.

O anterior goberno da Xunta viña aboando as cantidades relativas ás axudas para coidadores e coidadoras das persoas acollidas a esta Lei nos cinco primeiro días do mes. Nos últimos tempos e precisamente coincidindo coa entrada do PP no Goberno galego, o pagamento vense demorando cada vez máis, concretamente en agosto houbo unha demora considerable á hora de pagar as axudas e no mes do outubro o día 23 aínda estaban sen cobrar; exactamente cobraron a 28 de outubro.

A propaganda da Xunta de Galicia pregoa que o gasto social para o ano 2010 non se vai reducir pero a realidade é outra moi diferente sobre todo polo que se está a demostrar polas persoas usuarias da Lei de dependencia que contradí de plano como se está a demostrar a propaganda que tiña o PP antes de estar no goberno galego. Ademais se está vendo que este tema da Lei de Dependencia é só un dos varios problemas que a Xunta de Galicia non atende. Hai outra problemática, que a Xunta non está a facilitar ningún tipo de información ó respecto, non hai literalmente moitos lugares onde acudir coa que a indefensión coa que se atopa o

colectivo de dependentes é patente.

Repito que isto coincide coa propaganda que a Xunta de Galicia está a desenvolver e co marasmo e a inacción da que fai gala a Consellería de Traballo e Benestar. O certo é que a Xunta está aforrando o pagamento das persoas dependentes, engrosando as arcas públicas a conta das persoas que máis o necesitan, neste caso as persoas máis indefensas da sociedade.

Hai que lembrar con esta moción que o día 23 de febreiro do ano 2009, case hai un ano, o Sr. Núñez Feijóo dicía nun mitin en Vilagarcía de Arousa que en seis meses terían atendido a todos os dependentes. Estamos en novembro do ano 2009 e a estas alturas hai 18.000 persoas cobrando a Lei de Dependencia. Hai que lembrar que en marzo de 2009, cando accedeu ó goberno o Partido Popular, había exactamente 14.000 expedientes, é dicir, en nove meses que levan no goberno atenderon exactamente 4.000 expedientes. Se se bota a conta do tempo no que estivo o goberno bipartito fixéronse 2.000 expedientes por mes, ademais era unha lei que comezaba e que agora mesmo, unha vez posta en marcha, sempre é bastante máis fácil. Malia iso, malia todos os seus compromisos o goberno da Xunta de Galicia só puxo en marcha 4.000 expedientes dende que o anterior goberno da Xunta cesou.

Coido que foi nese mitin no que o actual Presidente, Sr. Núñez Feijóo, dicíalle á xente que cobraba a Dependencia que demandaran á Xunta porque non os estaban a atender. A pregunta que lle habería que facer agora ó goberno do Partido Popular é se toda esa xente que está cobrando fóra de prazo ou que non está a ser atendida vai facer o mesmo e dicímoslle que os demanden.

Por certo, falando de datos, de dependencia e de transparencia hai que dicir que cando entramos nas estatísticas da Xunta eliminaran a serie histórica. O anterior goberno cada dous meses publicaba a xente que estaba entrando na Lei de Dependencia. Neste caso houbo unicamente dúas publicacións: o 30 de agosto e o 30 de outubro en nove meses de goberno.

Esta é a transparencia, é o que se interesa pola dependencia o Partido Popular e iso sen falar de orzamentos porque nese sentido tamén se presume de que neste ano hai 77 millóns de euros para a Lei de Dependencia. Pero iso non é real porque realmente están contabilizando os 44 millóns que achega o Estado para a

Lei de Dependencia cando nos anteriores orzamentos da Xunta nunca se contabilizou.

Por outra banda dicir que se temos en conta isto os orzamentos dedicados á Lei de Dependencia experimentan unha importante redución a costa dunha serie de partidas que son imprescindibles e o que se aumenta fano precisamente a costa dos cartos dedicados á discapacidade e a convenios con asociacións sen ánimo de lucro.

Todo isto é o que está a facer o Partido Popular en canto á Lei de Dependencia e por iso traemos esta moción a Pleno.

Deseguido a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, procede a ler o texto da parte dispositiva de moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O obxecto desta moción, Sra. Méndez, semella sinxelamente un ataque frontal contra a Xunta de Galicia que está gobernada actualmente polo Partido Popular. Sorpréndenos enormemente que presente unha moción tan similar á que presentei eu hai aproximadamente un ano con respecto ó mesmo tema debido á falla de xestión e de resolución que estaba dando a Xunta de Galicia do bipartito en materia de dependencia.

Comenta vostede que hai moitos concellos que se queixan polo atraso no pagamento. Coido que debemos falar do Concello de Vigo e non de todos os concellos en xeral porque maximo que cada un presentará unha moción tipo para solucionar o problema caso de que o teña.

A realidade que vostede nos está a contar é moi diferente ó que é. Benestar incrementou un orzamento na Xunta de Galicia para o ano 2010 de máis de 1.000 millóns de euros, Sra. Méndez, nun contexto restritivo no que a publicidade e a propaganda son de cero euros. Non se sorprenda porque vostedes gastaron un millón de euros no autobús da independencia. Comentarémoslles un suma e segue de publicidade e propaganda nas que vostedes invisten.

Sete de cada dez euros do orzamento da Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo están dedicados ós colectivos máis desfavorecidos, ás persoas en risco de exclusión social e ós máis afectados pola crise. En Dependencia tamén hai un

incremento elevado. Actualmente e nos nove meses que leva gobernando na Xunta de Galicia o Partido Popular dobráronse as prestacións por dependencia, hai un incremento dun 106% e pódeo ver na páxina web da Xunta porque aí os datos están claros, non se produce o escurantismo e a falla de transparencia con respecto á Lei de Dependencia que padecemos mentres vostedes gobernaron.

Na moción aparece o “despregamento do Sistema Galego de Benestar acelerando a apertura de residencias, centros de día...” Coido que nos nove meses que levamos gobernando e co orzamento que temos para o ano 2010 o veremos reflectido. Moitas grazas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Perdoe, Sra. Míguez, coido que se equivocou, non pode dicir que existen 1.000 millóns de euros dedicados á dependencia. Iso non ten sentido porque é unha loucura, en canto ó que di dos sete de cada dez euros dedicados a este tema polo goberno do Sr. Núñez Feijóo, iso significa que o 70% do orzamento da Xunta está dedicado a Benestar. Debe ter un erro de vulto, eu de vostede corruxírao porque sobre todo a prensa se pode quedar con algo así, con que 7 euros de cada dez están dedicados a Benestar. Xa quixéramos.

Sra. Míguez, efectivamente vostedes están acostumados a non dar datos reais e falar por exemplo, a respecto da Concellería de Benestar porque estamos aforrando a este Concello, porque estamos facendo as cousas ben e porque estamos atendendo á xente nos servizos de axuda a domicilio. Gañou unha empresa que nos vale 2,40 euros por hora, máis barata a hora de servizo no SAF, están dicindo que nós privatizamos a axuda a domicilio cando vostedes a tiñan coa Cruz Vermella que nos cobraba 2,92 euros máis. A iso chámase privatizar, a aforrar douscentos e pico mil euros neste concello e a non manter un convenio durante vinte anos inamovible, coma vostedes mantiveron. A iso chámalle vostedes que nós privatizamos. Voulle dar exemplos de privatización Sra. Míguez. Exemplos de privatización, de non atención, exemplos de que os servizos públicos deixen de seren xestionados e seren igualitarios para todo o mundo para os transformar nun coto privado do PP, Sra. Míguez, iso é o que están vostedes a facer co Consorcio Galego de Benestar que se vai transformar nun servizo privado cando agora mesmo estaba atendendo a todo o mundo. Consorcio

Galego de Benestar que nestes momentos é o exemplo da mellor atención en toda Galicia dos centros de día abertos e que por outra parte o Xerente do Consorcio pretende privatizar ameazando de que senón os centros de día non os vai abrir, ameazando de que, por exemplo o centro de día da rúa O Grove non se vai abrir durante o próximo ano cando leva pechado nove meses e estaba rematado en xaneiro deste ano. Vostedes levan exactamente un ano sen o abrir sinxelamente porque non o quixeron abrir.

Vostedes vanse dedicar a inaugurar centros de día e o Sr. Núñez Feijóo atreveuse a prometer trinta novas prazas semanais nos centros de día gracias a que o anterior goberno da Xunta deixou licitados e construídos os centros de día. Na conversa que tivo o Xerente do Consorcio comigo, Sra. García, dixo literalmente que para que necesitaba máis terreos a disposición por parte deste Concello se tiñan dous centros de día para abrir, un o da rúa O Grove e outro o de Valladares-Beade do Parque Tecnolóxico que xa se iniciaron as obras.

Non queren máis terreos porque xa teñen licitados e feitos os centros de día. Ese Consorcio que vostede criticaba foi quen de poñer en marcha co anterior goberno máis de trinta centros de día. Están con cincuenta e tantos centros de día e o único ó que se van dedicar vostedes durante este mandato é precisamente a inaugurar os centros de día e as escolas infantís que o goberno da anterior Xunta deixou construídos.

Entre o ano 2009 e o 2010 o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar medra 8,4 millóns de euros. Sabe canto medrou do ano 2008 ó 2009? 16,3 millóns de euros; pero sabe de onde sacan os 8,4 millóns de euros? Precisamente da discapacidade que eliminan 3,5 millóns de euros en convenios con asociacións, etc. Pero non só rebaixan vostedes as axudas ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, senón que hai unha redución drástica ás corporacións locais onde o Plan Concertado que era de 20,5 millóns de euros pasa a 16 millóns de euros, catro millóns de euros menos para o concello.

Ademais teñen vostedes o descaro de presentar unha moción onde se pide que os concellos colaboren coa Xunta porque vostedes o que queren é que os concellos sigan poñendo cartos e teñen o descaro de presentar unha moción onde ademais se lle pide ó Estado o 50%. Apoiarémola no tema do Estado porque

claro que queremos que o Estado siga poñendo cartos pero en troques vostedes nolos sacan a nós; iso é o que vostedes pretenden porque non só fixeron iso. Vostedes que piden atencións complementarias neste Concello dedícanse a retirar as atencións complementarias do Servizo de Axuda a Domicilio.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Voulle ler algo que coido que lle vai axudar a entender por que falei de mil millóns de euros.

A Xunta destina á Consellería de Benestar para 2010 máis de mil millóns de euros o que se traduce nun incremento dun 5,1% con respecto ó exercicio anterior.

Cando dou un dato, Sra. Méndez, non o saco da manga. “Os orzamentos para 2010 reservan máis de 230 millóns de euros para dependencia”, o que supón 74 millóns de euros por riba do que había, ou sexa, supón 13.000 millóns máis das antigas pesetas especificamente para dependencia que lle vai dedicar a Consellería de Benestar Social.

Non gastamos o diñeiro en viaxes a Cuba, que vostedes gastaron dous millóns de euros.

Non sabemos que o Consorcio de Servizos Sociais de Galicia era un servizo público. Non o era, Sra. Méndez, foron vostedes o goberno do “chiringuito”, crearon o Consorcio, Sogaserro, Seaga..., privatizaron todo. No Concello de Vigo fixeron exactamente o mesmo porque o Servizo de Axuda no Fogar do que tanto presume e ten denuncias do comité de empresa á empresa que o leva, mesmo da CIG, debido á redución na calidade do servizo, empeorou notablemente. Non diga que é un servizo que está funcionando de marabilla e que non se privatizou porque cando se reduce o prezo por hora evidentemente que a calidade empeora.

O centro de día do Grove está sen inaugurar. Efectivamente vaise inaugurar nun breve espazo de tempo e así nolo comunicaron dende a Consellería, pero vostedes o deixaron sen ningún tipo de dotación. Teño recortes de prensa onde se di: “A Xunta de Galicia ampliará en máis de dúas mil prazas os centros de día, os centros destinados ás persoas que teñen demencia e Alzheimer e a residencia”. En máis de dúas mil prazas, incrementáronse os centros de día un 96%; é o que está proxectado, Sra. Méndez.

En Vigo non fixeron ningunha residencia, non temos ningún centro de día novo, non sei de que está a falar e que nos está pedindo cando vostedes dende a Xunta de Galicia e dende o goberno local, malia as innumerables promesas non o cumpriron. Coido que o seu exemplo de política dentro do bipartito foi de publicidade, de propaganda, de privatizacións e seguimos na mesma liña no Concello de Vigo.

Parécenos un descaro que presentara esta moción sabendo cal é a realidade nestes nove meses de goberno da Xunta de Galicia.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A verdade é que cando se escoitan estas argumentacións non sei se realmente estou alucinando ou se é luns e non durmín suficientemente porque realmente, Sra. García, o que vostede está a dicir é para rir porque non se pode mentir absolutamente nos datos e seren absolutamente falsos coma vostedes están a ser.

Como se atreve a dicir que en Vigo a Xunta anterior non fixo nada cando inaugurou o Centro de Día Atalaia, deixou rematado o centro da rúa O Grove que non estaba feito e cando está rematado o primeiro andar do centro de día de Valladares. Licitárono vostedes dende a oposición na Xunta de Galicia? Como teñen tanto descaro? Porque iso non é mentir, iso é descaro. Todo con orzamento, nesta cidade investíronse máis de seis millóns de euros entre galescolas, centros de día, centros de Alzheimer, etc.

Vostedes o único que saben é dicirnos que van privatizar os centros de día, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para llo dar a empresas privadas controladas polo Partido Popular. Iso é o que pretenden vostedes, foi a suxestión feita polo Xerente de Consorcio: “Poñémolo a concurso e vostedes...” Xa sabe que nisto hai unha serie de empresas, a quen se refería, Sra. Míguez? Iso é o que queren facer vostedes. No Consorcio Galego de Igualdade e Benestar fíxose un concurso público que vostedes se dedicaron a denigrar e agora resulta que o que queren é darllo a empresas privadas que o único que queren sacar é beneficio. Iso é o que están a facer vostedes cos servizos sociais.

Teño aquí os últimos datos do Observatorio da Lei de Dependencia a 30 de xuño. Galicia. Posición na táboa: novena autonomía de dezasete. 5,5. Posición a 13 de

decembro de 2009: Puntuación 5. Posición na táboa doce. É dicir, baixamos tres puntos dende que vostedes están no goberno e estes son datos do Observatorio estatal. As últimas comunidades son: Murcia, Valencia e Madrid, gobernadas por vostedes e iso é o que pretenden facer con Galicia que xa baixou 0,5 décimas dende que vostedes están na Xunta.

Por iso presentamos esta moción, porque nós si cremos no público e porque nós dende a Xunta de Galicia fixemos todo para que a nosa comunidade, que estaba no último lugar cando se puxo en marcha a Lei de Dependencia, estivera nos primeiros lugares e nese camiño seguíamos pero vostedes non. Presentamos esta moción porque están abandonando á xente da Lei de Dependencia, abandonando os servizos públicos e porque vostedes en ningún momento queren a igualdade de oportunidades porque esa é a política do Partido Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (135).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A ENTREGA NO PRAZO MÁXIMO DE SETE DÍAS DO REGULAMENTO DO PLENO. DOC. 90132929.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de

setembro de 2009 (Doc. 90132929), o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“No mes de novembro do pasado ano 2008, por parte do goberno municipal e convocados polo Secretario Xeral do Pleno constituíse, entre as tres forzas políticas do Concello, unha comisión especial encargada de estudar, consensuar e considerar o Regulamento Orgánico do Pleno, tal e como fora acordado na Xunta de Voceiros.

Tras catro reunións, a última o día 28 de xaneiro do presente ano, suspendéronse as mesmas sen que ata a data se continuaran e por tanto sen levar ó Pleno do Concello dito Regulamento.

No mes de xullo do presente ano os tres grupos quedamos en que os grupos do goberno PSOE e BNG presentarían ó PP un proxecto consensuado de regulamento e que o PP faría a súas aportacións no prazo de 72 horas dende a súa recepción, sen que se producira ningún acontecemento.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que á maior brevidade se proceda á entrega por parte do goberno municipal, no prazo máximo de sete días, do proxecto consensuado do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, para o estudo, consideración, consenso e achegas do Grupo Municipal do Partido Popular.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada por escrito de data 28 de decembro polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font:

Que durante o mes de xaneiro de 2010 o Goberno municipal entregará o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello ós grupos municipais para o seu estudo.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: É a terceira vez que traemos aquí o tema do Regulamento do Pleno. Parécenos que xa vai sendo hora de que por parte do goberno municipal se poñan de acordo e que teñan o tempero de traer a este Pleno o Regulamento.

Se non lembro mal no mes de setembro tivemos dúas reunións o Sr. López Font, a

Sra. Méndez e eu mesmo para tratar o tema do regulamento. Visto que era pouco operativo o sistema que estabamos a seguir de iren artigo por artigo e tamén observando as numerosas diverxencias existentes no seo do goberno municipal, malia o optimismo -permítame- da secretaria, os tres membros adoptamos a decisión de que sería o goberno municipal quen nos fixera unha proposta de Regulamento de Pleno e que previamente o PSOE e o BNG se puxeran de acordo sobre o regulamento que querían para este Concello.

O Sr. Presidente auséntase nestes momentos e este é un tema importante, é un tema que semella que non lle gusta, non lle gusta regular máis que dun xeito ditatorial o Pleno, entón é preferible non ter un regulamento máis que o actual que por outra banda, está obsoleto, se non lembro mal é do ano 88

Puxémonos polo tanto de acordo en que ía ser o goberno quen nos faría a proposta de regulamento e que o Partido Popular se comprometería e seguímolo facendo, a que no prazo máximo de 72 horas faría por escrito as achegas a ese texto do goberno que coidásemos convenientes, polo tanto xa teríamos polo menos unha base da que partir para poder traelo ó Pleno.

O caso é que, como dicía na miña primeira intervención, as cousas neste pazo van amodo, cada día máis amodo e estamos xa practicamente no mes de xaneiro de 2010 e malia o optimismo de algunha persoa que coidaba que no mes de outubro se traería o regulamento á aprobación provisional do Pleno, o caso é que non temos nin sequera nin borrador, nin nada que se lle asemelle.

Gustaríame que pola parte do goberno municipal se nos explique onde están esas diverxencias e que polo tanto no prazo que marcamos na moción de sete días como máximo se nos entregue ese borrador de regulamento de Pleno, que nos podamos poñer a traballar, traelo a un futuro Pleno e aprobalo para que non exista a indefinición que existe actualmente cos tempos, co número de mocións e todas esas circunstancias que deben quedar reguladas no mesmo.

SR. LÓPEZ FONT: Este do regulamento do Pleno é un tema recorrente por parte do Partido Popular e en especial por parte do Sr. Conde.

En primeiro lugar clarear, Sr. Conde, que o Alcalde-Presidente ten dereito a ausentarse dos Plenos cando así o estime oportuno e quen queda no seu lugar é

o Presidente do Pleno nos momentos nos que o Alcalde estea ausente. Ocorre que vostede en especial busca calquera tipo de escusa para descualificar ó Alcalde ou a calquera membro do goberno e ó final o que coído que fan é descualificarse vostedes a si mesmos. Vostede é o mellor exemplo nisto.

Sr. Conde, en primeiro lugar o Pleno ten un regulamento coma vostede recoñeceu. Pareceralle obsoleto, que ten moito tempo ou que leva pouco, pero o Pleno ten un Regulamento orgánico municipal que entende absolutamente de todo o que corresponde a este Concello: dende concelleiros, regula a figura do Alcalde, regula o Pleno dende os artigos 13 a 32, comisións informativas, xunta de voceiros; regula absolutamente todo. Esa intención que teñen vostedes de facer aparentar que este é un Pleno sen lei no que non están regulados os temas non é exacta e sábeo. O regulamento é de 30 de xuño do ano 88 e fíxese se choveu dende aquela que coído que xa van vinte e un anos e medio, polo tanto fíxense se pasaron corporacións para que se cambiara este regulamento.

Tamén pasaron tres anos e medio de goberno da Sra. Porro onde se crearon infinidade de comisións, mesmo o outro día falabamos da comisión do ruído, sen ningún resultado. En concreto, durante tres anos e medio o goberno da Sra. Porro foi incapaz de conseguir un regulamento de Pleno. Di vostede agora que neste pazo as cousas van amodo pero, Sr. Conde, aquí as cousas van ben e só hai que saír á rúa para se dar conta de como van as cousas neste pazo. Dende logo, Sr. Conde, no pazo no que gobernou a Sra. Porro si que ían lentas e si que era o mellor expoñente da ineficacia.

En relación con este regulamento, que vostede sempre se remite ás datas nas que nos reunimos, o primeiro que lle quero lembrar a este Pleno e a todos os cidadáns é a actitude obstrucionista do Partido Popular, de vostede. Cando fomos artigo por artigo, no artigo no que se regulaba a lingua do Concello de Vigo vostede ergueuse desa comisión e optou pola postura moito máis fácil do Partido Popular que é a de dicir que escriban os demais. Ten vostede un borrador e se isto corre tanta presa vostedes, non teñen que agardar por nós, poden perfectamente facer unha proposta.

Sr. Conde, non hai diverxencia neste goberno, o que si pode haber é que facer todo o que se fixo durante todo este ano, licitar en mesa de contratación sesenta

millóns de euros, facer cen rúas, facer todo o que fixemos durante todo este ano é posible que non deixe tempo para outros traballos que si que se quixerían realizar.

Están aproveitando o tema do regulamento con esa actitude obstrucionista da que lle falaba anteriormente e de bloquear o Pleno. De toda Galicia son vostedes os que presentan máis mocións coa intención de que este Pleno comece ás 9 de mañá e remate ás tres da madrugada.

A postura obstrucionista do Partido Popular concrétase no número de mocións que presenta coa intención de que isto sexa eterno e moi difícil de levar, nas intervencións eternas que realizan os membros do Partido Popular falan de todo menos do que se pretende na moción e redundando nas argumentacións.

Díxenlle en varias ocasións que este Pleno é o máis democrático de toda Galicia, onde máis se respecta á oposición, onde se debaten con máis contido as mocións. Noutros concellos nin sequera se debaten e xa non lle falo da Deputación porque logo vostedes se estrañan de que lles falemos dela. En Xunta de Voceiros vostedes puideron elixir as mocións que tiñan pendentes, démoslles todas as opcións.

Sr. Conde, neste pazo fanse moitas cousas, góvernase de xeito moi intenso e tamén o goberno está interesado en que este Pleno teña regulamento. Presentamos polo tanto unha emenda ó seu texto porque pedir no pleno do Nadal que se presente o regulamento nun prazo máximo de sete días, xa vostede mesmo debería ter emendando o texto que presentou.

Dende o Grupo municipal socialista o texto que presentamos di que “Durante o mes de xaneiro o goberno municipal entregará o regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo para o seu estudo polos grupos municipais”. Agardando que entendan que o mes de xaneiro é o razoable dadas as datas para poderen presentar este texto e co compromiso do goberno, agardamos que acepten este texto coma emenda.

SR. CONDE GIL: Xa temos un cambio, o goberno ten unha única voz neste tema; parece que algo avanzamos.

Gustaríame comezar dicíndolle á cidadanía que o Partido Popular non se ergueu

da reunión do regulamento do Pleno. Efectivamente temos unha postura diverxente no tocante á lingua porque entendemos que tan respectable é o galego coma o castelán, tan respectable e legal é unha lingua coma a outra e único que pediamos e que o artigo referente á lingua tivese unha aplicación do que di a Constitución Española de 1978 e o noso Estatuto de Autonomía, que se recoñeza o dereito de calquera concelleiro, de calquera cidadán a empregar calquera das dúas linguas oficiais.

Sr. López Font, sabe vostede perfectamente e quero que o saiban os cidadáns que estabamos en contra de que se sancionase ós cidadáns que acoden a este Pleno, que pase o mesmo que nestas mesmas datas hai dous anos: que meteron vostedes ó público polo garaxe e que tiñan aquí uns figurantes que por certo moitos deles están traballando agora aquí. Diso si estabamos en contra, de que o Sr. Alcalde tivese todo o poder de expulsar e sancionar a calquera cidadán sen nin sequera ser escoitado e castigalo a non poder asistir nun determinado número de plenos. Estabamos, seguimos e seguiremos en contra diso e dende logo se ese artigo vai no regulamento o Grupo municipal do Partido Popular votará en contra porque estamos a favor da participación.

Estamos a finais de ano, este será o último Pleno e maximo que a miña compañeira, Sra. Muñoz, estará tomando nota das veces que pronuncian o nome da Sra. Porro, e non podía ser menos que vostedes falase da Sra. Porro. Acaban de dar un exemplo moi significativo cando dixeron que creaba comisións e en concreto falou da Comisión do Ruído. As comisións son un signo de participación cidadá e de democracia porque nós escoitábamos, escoitamos e escoitaremos ós cidadáns, non faremos coma vostedes que se están poñendo na contra de determinadas asociacións e federacións desta cidade tapándolles a boca descaradamente, impedíndolles seren escoitados nas comisións correspondentes, saltándoos porque non lles convén que nun determinado momento poidan molestar os “castos” oídos do grupo de goberno do Partido Socialista ou do Bloque Nacionalista Galego. A iso chámase falla de democracia, de transparencia e tamén ditadura.

Cando digo que o Alcalde se ausenta é porque é curioso que o faga en temas polémicos coma este ou como ocorreu no anterior Pleno cando se falou do AVE e

tamén curiosamente se ausentou, coido que ninguén lle vai morder.

Xa chegou o Sr. Alcalde. Alégrome de velo de novo aquí entre nós. Parece que estea preparado.

Dígame vostede o artigo do Regulamento do ano 88 onde se di que as mocións se limitarán a sete e que vostede di que é de plena aplicación. Efectivamente é de aplicación pero dígame onde se limita o tempo de intervención neste Pleno. Non mo pode dicir porque non existe, porque o inventaron vostedes. Díganme en que artigo dese regulamento di que a data vinte e oito de decembro do ano 2009 teña que haber vinte e sete mocións pendentes do Grupo municipal do Partido Popular. Quen somos nós para elixir os temas? Sabemos que a vostedes lles gustaría moito que non presentásemos mocións, encantaríalles, pero xa lles demostramos neste Pleno que se o Partido Popular non presenta mocións o Pleno dura dous minutos. Hoxe duraría vinte que foi o momento no que entrou o Sr. Calviño, con vinte minutos de atraso. Duraría un pouco máis porque había unha moción do Bloque Nacionalista Galego.

Paréceme ben a emenda que presenta sempre que deixe que a cambie e que poñamos que sexa en xaneiro de 2010, porque nós non nos fiamos da súa palabra, non nos fiamos de que se poña só xaneiro e logo noutra moción falarei do tema das datas. Non nos fiamos, queremos que poña xaneiro de 2010 e que sexa de verdade.

Repito que se quería sancionar ós cidadáns saltándose a lei e por iso non imos pasar. Polo menos, se vostedes son quen de se poñer de acordo, no borrador que nos traian no mes de xaneiro eliminen ese artigo.

Aínda viña onte nun medio de comunicación: “Os órganos consultivos de Vigo xa non falan” e o chiste é moi bo: O Sr. Alcalde nunha illa rodeado de quenllas. Iso é o que debe pensar que son os órganos consultivos da cidade, a Federación de Veciños e outro tipo de asociacións e tamén o Partido Popular porque molesta que presentemos mocións, que nos intereseamos polos temas da cidade.

Rétoo a que me diga en que artigo do Regulamento do ano 88 existe a máis mínima mención a que se limite o número de mocións que veñen este Pleno e tamén o tempo das intervencións.

SR. LÓPEZ FONT: Falar de comisións, de participación democrática e falar dende o Partido Popular de que parece que vostedes son a esencia da democracia é sorprendente cando vostede ten permanentemente o insulto de “ditatorial” para os demais. Vostede é o exemplo permanente do insulto e da descualificación persoal neste Pleno e écheselle a boca de dicir que, porque a Sra. Porro creou moitas comisións, cría na participación democrática. Creou comisións para encubrir a súa incapacidade de solucionar os temas e pódolle falar da Comisión do Ruído, deste Regulamento de Pleno e de absolutamente todo.

Fágolle outra precisión, Sr. Conde: Se o Sr. Calviño chega tarde, dende logo as ausencias de membros do seu grupo son neste Pleno bastante máis notorias que as do goberno e tiveron que entrar rapidamente á vista da súa intervención.

Outra precisión, Sr. Conde: na cidade de Vigo só hai cidadáns, todos os que asisten a este Pleno son cidadáns cos mesmos dereitos, non hai figurantes. Ese é un termo despectivo que só pode saír da súa boca. Todo aquel que entra nesta sesión pública é cidadán da cidade de Vigo con todos os dereitos.

O goberno só ten unha voz. Estamos defendendo unha moción que afecta máis ben á xestión municipal e por iso a estou defendendo eu. Non vaia polo tema de discrepancias no goberno porque xa antes lle dixen que non as hai. Que saiban os cidadáns de Vigo que vostede coma membro da comisión na que estabamos estudando o regulamento do Pleno ergueuse da reunión dicindo que mentres estivese o artigo sobre o tema da lingua no regulamento do Concello de Vigo vostede non asistiría a ningunha reunión. Mágoa que non estea aquí o Sr. Riesgo, anterior secretario, para que o poida certificar.

Faime preguntas concretas e eu respóndolle. No Regulamento do ano 88 si que se fai mención ó número de mocións cando se refire á Xunta de Voceiros, artigo no que se di que “colaborará co Alcalde nos temas a tratar no Pleno”. O que pasa, e é moi habitual, que cando non se está de acordo con vostedes e perden as votacións, perden o interese. En Xunta de Voceiros, Sr. Conde, o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista fixemos propostas concretas en canto ó número de mocións fronte ó seu intento de torpedear estes Plenos e en canto a tempos que logo os están a incumprir vostedes sistematicamente.

Polo tanto si, este Pleno ten un Regulamento que regula absolutamente todo o

que está aplicando o Alcalde coma Presidente do mesmo. Non estamos en ningunha situación de ilegalidade e parece mentira que vostede non coñeza este aspecto. Esta é a contestación á súa pregunta. O que ocorre é que o incumprimento de vostedes nestes plenos é permanente.

Insístolle en que este é o Pleno máis democrático de toda Galicia, é o Pleno no que se tolera absolutamente todo da oposición, dende insultos a intervencións que nada teñen que ver coas mocións e mesmo intentar como xa fixeron presentar un número de mocións que nos levarían a estaren aquí ata as tres da mañá.

Fíxenlle unha emenda concreta, xa vexo que só de cando en vez, debe ser o espírito do Nadal do día hoxe, vostede está en plan razoable e acepta a emenda que lle presentei. Polo tanto estou encantado e non se preocupe que a corrixo agora mesmo a bolígrafo porque evidentemente me refería a xaneiro de 2010, non ten que ter ningunha preocupación. No mes de xaneiro de 2010 presentámoslles ós grupos municipais un borrador de regulamento orgánico do Pleno que insisto e que tome nota a Sra. Muñoz porque me vou referir outra volta á Sra. Porro, en que é un tema que a Sra. Porro foi incapaz durante tres anos e medio de sacar adiante como tantas outras cuestións. Ocorre que cando se fala da Sra. Porro, da súa ineficacia e incapacidade para sacar adiante temas nos tres anos e medio nos que estivo gobernando, xa vexo que a vostedes se lles pon moi mala cara.

En xaneiro de 2010 presentaremos o regulamento que durante tres anos e medio a Sra. Porro foi incapaz de sacar adiante.

SR. CONDE GIL: Coido que hoxe os medios de comunicación teñen a inocentada do día porque aínda que imos apoiar a emenda dubido moito que ó longo do mes de xaneiro se produza a entrega deste regulamento e supoño que o tempo nos dará a razón.

Sr. López Font, teño aquí o Regulamento do ano 88 e non pon en ningún dos seus artigos que exista limitación en canto ó número de mocións e en canto ó tempo. Mente vostede. Mentir é faltar a verdade con intención de enganar e neste caso enganar a toda a cidadanía.

Cando falo de actitude ditatorial non o vexo coma un insulto porque é unha cualificación, se vostedes o toman por un insulto, como se di “quen se pica, allos come”.

Efectivamente que as persoas que acceden a este Pleno son cidadáns e cidadás que curiosamente naquel caso non eran todos de Vigo. Figurante, xa que parece que lle molesta a vostede esa expresión, está definido no dicionario da Real Academia da Lingua coma el que figura. Cada un de nós somos dalgún xeito figurantes porque figuramos, pero neste caso a maiores é “a persoa que forma parte da figuración dunha película” e o que se montou aquí no Pleno do 29 de decembro do ano 2007 foi unha película e os cidadáns e cidadás de Vigo que dende as cinco da mañá e en moitos casos estiveron na porta da Policía Local para poder acceder a este Pleno e que non o puideron facer porque cando se abriu a sesión pública, que nin sequera se anunciara esa apertura, estaba a sala chea, non eran cidadáns e cidadás da cidade? Que eran? Xa maxino o que contestaría vostede de ter agora a quenda: era xente do Partido Popular.

Todo aquel que estea en contra de seu, quen poida ter unha opinión diverxente da de vostedes, coma di o Sr. Alcalde no seu programa “Aló Presidente”, debe ser do Partido Popular e a Sra. Porro mándalle que chame. Aqueles que estaban na cola eran do Partido Popular? As denuncias que houbo no xulgado por impedir o acceso dos cidadáns a este Pleno, eran de xente do Partido Popular? Como lle chama vostede a ter un salón de Plenos cheo, meter á xente polo garaxe de concelleiros e impedir que os cidadáns que estaban na rúa, co frío que fai un 29 de decembro, accedan ó Pleno? Foi porque querían ter un Pleno tranquilo. A iso chámalle vostede democracia pero eu lle chamo ditadura con todas as letras e non me doen prendas en dicilo. Vostede di que eu estou sempre insultando, pero isto non é ningún insulto, é unha cualificación dunha actitude dunha determinada persoa que saltándose a lei pretende facer da súa capa unha saia.

Nós estamos aquí precisamente para que non fagan iso e se hai que estar aquí ata as tres da mañá se está tal e como se está noutros foros e non pasa nada. Acaso os traballadores da quenda de noite de Citröen vanse a unha determinada hora porque están cansos? Nós non nos cansamos. Téñeno moi fácil, suspéndese o Pleno a unha determinada hora e continúaase noutra, continúaase ata a hora que

sexa e ademais neste Concello xa pasou, houbo Plenos ata as doce da noite e non pasou absolutamente nada. Ou é que temos medo a traballar? Ou o que é peor, temos medo a escoitar o que ten que dicir a oposición? Lémbrolle que aquí somos máis e estamos case todos, só falla un.

Imos admitir a emenda con esa matización do ano 2010. Paréceme ben que recoñeza o seu erro. O que sinxelamente pedimos é que esta vez sexa de verdade, que non pase como con moitos outros temas.

Insisto tamén en que no regulamento non pon absolutamente nada e se eu me opuxen a un artigo foi a que se sancionase ós cidadáns sen seren oídos, saltándose o procedemento legal establecido para iso, saltándose a Constitución que non permite que ninguén poida ser sancionado nin penado sen seren escoitado e sen se abrir un procedemento sancionador.

A PRESIDENCIA: Gracias. De todos modos voulle dar un consello amistoso: antes de falar dese Pleno lea a Sentenza do Xulgado do Penal de Vigo porque xa hai Sentenza. Polo tanto, antes de emitir ese criterio político sería bo que vostede lea a Sentenza que hai sobre ese Pleno. Outra cousa é que algúns decidíramos deixar ese tema así pero xa hai unha Sentenza dun Xulgado sobre ese Pleno. Aconséllolle que antes de volver falar lea esa Sentenza.

A Presidencia somete a votación a emenda formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Que durante o mes de xaneiro de 2010 o Goberno municipal entregará o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello ós grupos municipais para o seu estudo.

7.- (136).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTAR Ó MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA DEIXAR SEN EFECTO A

SUBIDA IMPOSITIVA. DOC. 90132930.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009 (Doc. 90132930), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“A situación de crise que vive a nosa sociedade nos tempos que corren e da que a nosa cidade non escapa, fai preciso medidas eficaces e extraordinarias por parte das administracións públicas para minimizar no posible os efectos que teñan na sociedade.

O que dende logo temos claro dende o Partido Popular é que non se pode afogar ás clases medias e menos favorecidas cunha subida de impostos, en certo modo indefinida e que suporá a perda de poder adquisitivo dos cidadáns, máis paro e o alongamento da crise no noso país.

Por isto dende o Partido Popular entendemos que compre o pronunciamento do Pleno da Corporación no nome da representatividade que ten, rexeitando a suba dos impostos e reclamando medidas serias ó Goberno Central a fin de facer fronte á crise.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se inste ó Ministerio de Economía e Facenda e ó Presidente do Goberno de España a fin de que deixen sen efecto a subida impositiva presentada e en consecuencia se adopten medidas de contención do gasto público e o seu recorte, así como un plan de baixada dos impostos ás PEMES e autónomos como xeradores de emprego, para facer fronte á crise económica e acelerar en consecuencia a saída da mesma.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro de 2009, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Nesta moción pedimos que se favoreza ós traballadores, a aquelas persoas menos favorecidas e que non se lles castigue. A subida de impostos que formula o Sr. Rodríguez Zapatero cos Orzamentos xerais do Estado castigan claramente o aforro e o consumo. É máis, son unha constatación do que ven sendo habitual pola parte do Partido Socialista a todos os niveis, estatal, autonómico e local, en canto á mentira e ó engano. Así, xa dun golpe a gran promesa electoral, aquela que coas cellas levantadas o Sr. González

Zapatero se dirixía ós cidadáns dando unha dedución xenerosa de 400 euros que debe ser a cantidade de medida do Sr. Rodríguez Zapatero, malia seren a promesa estrela, estrelouse e elimínana. Pero iso si, incrementan o IVA, do tipo reducido do 7% vaise pasar ó 8%; o tipo normal cunha suba de dous puntos vai pasar do 16 ó 18%. Todo isto vainos levar a máis recortes en políticas produtivas, en políticas de comercio, turismo e PEMES, así como en I+D+I. Lévanos tamén a unha suba de imposto que debemos cualificar de inxusta, antisocial e que vai provocar máis desemprego neste país e iso si que nos debería preocupar a todos e a todas nós.

Falaba antes a Sra. Méndez de gasto social. O Orzamento xeral do Estado reduce en 1,2 puntos o gasto comprometido en política social. Vai aumentar o paro pero vai haber menos gasto en política social. Ó final a subida de impostos vai recaer nas clases medias e traballadoras e como dicía antes é unha subida inxusta, antisocial e que vai provocar máis desemprego.

É importante que se traten as mocións no seu tempo porque agora o orzamento está practicamente aprobado e xa en setembro de 2009 pediamos dende o Grupo municipal do Partido Popular: "Que se inste ó Ministerio de Economía e Facenda e ó Presidente do Goberno de España a fin de que deixe sen efecto a subida impositiva presentada e en consecuencia se adopten medidas de contención do gasto público, o seu recorte e un plan de baixada de impostos ás pequenas e medianas empresas e autónomos como xeradores de emprego, para facer fronte á crise económica e, en consecuencia, acelerar a saída da mesma". Para que os brotes verdes se vexan de verdade e que non estean na imaxinación ou no tabaco de algún.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Xa lle anticipo, Sr. Conde, que lle imos votar que non a esta moción porque de novo vostedes menten, din que con estes orzamentos xerais do Estado quen van pagar máis van ser os traballadores e as xentes con menos consumo e con menos aforro e isto é falso. Voulle detallar, porque polo que vexo non leu ben os orzamentos xerais do Estado que é o que fan novo en materia de gasto social.

Como vostede sabe os orzamentos acaban de aprobarse no Senado co maior

número de votos a favor da historia duns orzamentos, xamais uns orzamentos tiveron tantos votos a favor como os que se veñen de aprobar no Senado. Isto é por varios motivos.

É certo que estamos nun momento de crise e polo tanto presentáronse uns orzamentos austeros nos que se reduce o gasto corrente un 5,5%, pero esa redución non afecta ó gasto social e de feito o gasto social aumenta un 3,8% con respecto ó de 2009 porque se aumentaron as dotacións en materia de dependencia, aumentaron as pensións máis baixas, os menos favorecidos, aumentaron os recursos dedicados a educación, o capital humano e por suposto aumentaron as prestacións para o desemprego. Todo iso supón un aumento con respecto ó ano pasado do 3,8%.

Dixo tamén que hai cambios impositivos e dígolles que si, pero tamén que un dos motivos polos que lles imos dicir que non é porque un dos cambios impositivos que contempla é unha redución da fiscalidade para as pequenas e medianas empresas que manteñan ou xeren o seu emprego, tal e como pon a súa moción. De feito redúcese en cinco puntos a fiscalidade para as pequenas e medianas empresas que xeren emprego o ano que ven.

Di que os traballadores van saír mal parados. Vai subir a presión fiscal para os que teñen rendas de capital, para os que gañan en rendas de capital por ter diñeiro no banco, por ter accións cuxos beneficios e cuxos dividendos deses ingresos son de máis de 6.000 euros. Esta fóra de aí o 95% da poboación, só hai un 5% de poboación que é a de rendas máis altas que ten ingresos por eses dividendos superiores ós 6.000 euros. Voulle poñer un exemplo: persoas que obtiveron plusvalías por valor de 600.000 euros, como foron as que declarou o Sr. Bárcenas para xustificar que multiplicou por catro o seu patrimonio, pagarán o ano que ven con esta reforma máis de 17.000 euros. É dicir, persoas como o Sr. Bárcenas son as que se van ver prexudicadas por esa reforma fiscal.

Si que é certo que a partir do 1 de xullo vai haber un aumento do IVE que vai afectar só ó xeral e ó reducido, pero tamén lle hai que dicir á xente que alimentos que están afectados polo super-reducido, que son os principais alimentos básicos, non se van ver afectados polo IVE: o pan, o leite, os ovos, as froitas, verduras, legumes, hortalizas..., non van ver variados os seus prezos porque non van ter

ningún efecto do IVE. Como tampouco os libros, os xornais, os medicamentos, as vivendas protexidas, as próteses, os implantes para persoas con minusvalía ou os vehículos para persoas con mobilidade reducida, a estes non lles afecta. O IVE afectado é o 40% do xeral, o que paga a maioría da xente que é o 60% restante non se vai ver afectado, aínda así o 40% só se verá afectado a partir do 1 de xullo.

Con este efecto sobre o IVE, dicirlle que a presión fiscal no ano 2010 en España vai ser inferior á que deixou o Partido Popular no ano 2004, porque o que non se conta é que dende o ano 2004 ata agora estivo diminuindo a presión fiscal e así conseguimos baixar dun 37% a un 33%. Iso é o que ocorreu nestes anos. Aínda con esa pequena subida do IVE conseguimos rebaixar a presión fiscal dende a época na que estaba o PP dun 37% a un 33%. Aínda así estamos por debaixo da media porque a media europea está nun 40% e o IVE ó que imos chegar vai seguir sendo moi inferior ó do resto de Europa.

Sr. Conde, estamos nunha época complicada, coidamos que os que teñen máis son os que deben colaborar e por iso a maioría dos senadores, a maioría dos representantes do pobo dixeron que si a estes orzamentos e por iso nós dende a cidade de Vigo tamén dicimos que si a estes orzamentos.

SRA. VELOSO RÍOS: O Partido Popular presenta esta moción solicitando que se deixe sen efecto a subida impositiva proposta nos orzamentos e solicitando ademais unha baixada dos impostos ás PEMES e ós autónomos coma xeradores de emprego.

Dende o Bloque Nacionalista Galego xa expresamos no Congreso e no Senado a nosa postura sobre os orzamentos do Estado e concretamente sobre a cuestión da suba do IVE. Efectivamente nós consideramos desacertados certos cambios impositivos que concentran a recadación fiscal nas rendas medias e baixas e a suba do IVE si pode penalizar o consumo e atrasar a recuperación económica.

Como noutros casos, neste caso poden coincidir parte dos discursos pero non os intereses e dende logo non coinciden.

Nós non defendemos a baixada dos impostos nunha situación de crise senón unha redistribución das cargas. Iso é algo que está ausente e a proposta que se

fai na moción do PP dende logo non coincide coa postura do Bloque Nacionalista Galego sobre o que é un sistema fiscal impositivo xusto. De feito nós fixemos unha proposta alternativa, non dixemos sinxelamente que non estabamos de acordo coas medidas fiscais. Presentamos unha proposta de reforma completa e formulada nun sentido progresista que de se aplicaren incrementaríanse os ingresos fiscais en 4.100 millóns de euros sobre a base de aumentar a progresividade do conxunto do sistema tributario con impostos sobre grandes patrimonios, gravame no IRPF para rendas superiores a 90.000 euros ou un novo tratamento das SICAVs, algo que parece que tampouco lle interesa ó Partido Popular.

De feito mediante a negociación de distintas emendas si conseguimos engadir algúns puntos importantes ós Orzamentos do Estado que ademais a nós nos parecen especialmente importantes en canto a cuestións fiscais. Por exemplo a reforma da coñecida coma “Lei Beckham” que é a lei relativa ó imposto sobre a renda dos non residentes. Existía un privilexio fiscal que non é que veña deste último goberno e xa saben vostedes de onde ven, privilexio completamente incompatible coa mínima equidade que debe rexer o sistema impositivo.

Con esta reforma o acordo di que as rendas que superen a cantidade de 600.000 euros, como son por exemplo as rendas de futbolistas como Beckham e por iso se lle coñecía co seu nome, van tributar o IRPF en réxime xeral aplicando a tarifa progresiva do 43%. Estas son o tipo de medidas que nós entendemos que son as que hai que aplicar para mellorar a situación das arcas do Estado nun momento de crise no que é preciso contar con recursos para toda a cidadanía.

Restitúese a exención fiscal dos 400 euros para as rendas máis baixas. Obtéñense beneficios fiscais para o sector agrario, algo importante para o noso país, adecuando os módulos no sector gandeiro. É dicir, hai unha contrarreforma fiscal, é certo que non toca o que debería ós grandes patrimonios e aí ó mellor unha parte do Partido Popular do Congreso e do Senado tampouco estaba de acordo con nós e carga o peso básico da tributación nas rendas baixas e medias. Porén dende logo que os intereses do Bloque Nacionalista Galego e os do Partido Popular non coinciden en absoluto e por iso tampouco estamos de acordo con esta moción que presentan aquí e tampouco imos votar a favor dela. Nós temos

unha alternativa ó sistema fiscal que tampouco se aceptou polo goberno do Partido Popular cando gobernaba con maioría absoluta no goberno do Estado, non se aceptaría agora mesmo nin de lonxe, pero tampouco a podemos cotexar coa proposta do Partido Popular porque a realidade é que non ofrece unha alternativa máis aló do que xa fixo cando estaba no goberno, cousa que ben sabemos todos, e non coincide precisamente coa postura do Bloque Nacionalista Galego sobre o que ten que ser un sistema impositiva xusto que distribúa as rendas dunha maneira xusta no noso país.

Vostedes están facendo como quen vai un médico pedir unha segunda opinión e dille que o primeiro médico está facendo todo mal, que está mal diagnosticado e que o tratamento non é o correcto, pero non dá solución porque non sabe que ten. Esa é a postura que está mantendo agora mesmo o Partido Popular na oposición, desa postura xorde esta moción que en realidade é pura demagogia pero que non propón nada que realmente axude a saír da crise nestes momentos.

SR. CONDE GIL: Falou da Lei Beckham, sempre falamos de personaxes rimbombantes e o único que conseguimos é trasladar á cidadanía a demagogia, o que ven sendo a política habitual de todos vostedes. Que veña ó Bloque Nacionalista Galego aquí facer demagogia adoita seren habitual e máis cando son vostedes cómplices do Sr. Rodríguez Zapatero polo apoiar e votar a favor destes orzamentos e polo tanto apoiar a subida de impostos.

Os agricultores da COAG din: “É unha política de abuso que bota gasolina ó lume rural porque o campo está nunha situación de desmantelamento” . A Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas e Seguros: “Gravar o aforro afecta a todas as clases populares e non se dirixe ás grandes fortunas”. ATA, Asociación de Autónomos: “Zapatero pasará á historia coma o Presidente que máis tecido produtivo destruíu”. Convergencia e Unió: “A subida é completamente incompatible coa creación de emprego”. CCOO: “A maior carga das reformas vai seguir caendo nos traballadores en troques de nas rendas máis altas”. Esquerza Republicana de Cataluña: “Os orzamentos son antisociais, hipotecan o crecemento económico e penalizan ás clases medias”. Esquerda Unida: “É un erro tremendo gravar o consumo ás capas populares”. CEPESCA: “A subida do IVE

vai prexudicar a venda de peixe que xa de por si non vive a súa mellor hora". Asociación de taxistas: "Podemos estar falando, sen tremor a errar, de millóns de euros de perdas para o sector". Asociación UITA de transportes: "Esta subida de impostos é poñer o pé no colo dos taxistas, dos transportistas, das ambulancias, da maquinaria pesada, etc.". Unión Xeral de Traballadores "Os que menos teñen serán os que vaian pagar".

Todos estes que non son do Partido Popular están na contra da subida de impostos do Sr. Rodríguez Zapatero e ven a Sra. Díaz dicir que hai subida no gasto social, que non é verdade, e din tamén que si a que se suba o IVE ós traballadores, a que se suprima a dedución dos 400 euros, a que existan estes recortes en investimentos produtivos e nas políticas de comercio, turismo e PEMES e di que si tamén por suposto a que os que teñen unha SICAV se vexan beneficiados. Efectivamente as rendas máis ricas van ser as que se vexan beneficiadas por todo isto porque as SICAV non as tocan, pero si que ás clases medias e traballadoras lles poñen un pé enriba.

Falou dunha serie de cousas como das subidas, que non van afectar, que se o IVE é super reducido ou non sei que, pero vostede non le a prensa, é máis, non debe pagar recibos porque a partir de xaneiro a que nos ven coa luz é forte e a partir de xullo será máis porque subirá o IVE e todos os que pagamos a luz sufrirá a subida.

En canto ó catastro, que me di do "catastrazo" que agochan os orzamentos xerais do Estado e do que xa falamos aquí polo longo? Non vai subir o valor catastral? Non van pagar máis os cidadáns polos impostos de bens inmobles en todas as cidades? Iso non conta? Só conta o leite, o pan e os xornais pero, o resto de cousas? O que sobe do 16 ó 18? E o que sobe do 6 ó 8 non vai contar? Vostedes van recadar máis e, en que o van gastar? En publicidade, propaganda ou asesores para o Sr. Rodríguez Zapatero na Moncloa?

O malo é que van gastar o de todos e ó final como sempre a casa sen varrer e os cidadáns de a pé pagando máis porque tanto o rico coma o probe toma pan e leite polo xeral, agás que se teña algún tipo de alerxia, case todo o mundo toma medicamentos ou merca un coche. Por certo, hoxe xustamente viñan na prensa as axudas que o goberno central vai destinar á adquisición de vehículos e

rematarán cando suba o IVE. Isto é a “puntilla”.

Pero xa acaba de dicir aquí a Sra. Díaz que o Partido Socialista está a favor de que se lles incremente o IVE ós cidadáns, de que se lles poña un pé enriba e mentres o paro sobe, á xente cada vez lle custa máis chegar ó final do mes, só temos que ler as novas que viñan estes días nos medios de comunicación para saberen que cada día son máis as familias que teñen que ir Cáritas para poderen comer, pero iso si, ó leite e ó pan non lle subimos o tipo de interese; moitas gracias, moi xenerosos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Acaba de ler unha serie de titulares de prensa e entre eles nomeou un dicindo que se vai gravar o aforro das xentes máis..., algo así como dos traballadores. Eu preguntome aquí que traballador é quen de ter rendementos do aforro superiores a 6.000 euros, preguntome se hai aquí na sala, mesmo alguén entre nós, que teña rendementos do aforro superiores a 6.000 euros. Eu na miña vida os tiveren e recoñezo que na Universidade hai un bo salario pero nin así, que eu coñezo ninguén do meu contorno ten rendementos de intereses superiores a 6.000 euros.

Digo que si a estes orzamentos porque aumentan os cartos da Lei da dependencia. Que lle diga a Sra. García de onde veñen moitos deses ingresos que vai gastar a Xunta de Galicia. Que diga a Xunta de Galicia canto vai recibir gracias á modificación da participación das comunidades autónomas nos orzamentos do Estado. Vostede preguntaba onde imos gastar máis, pois o Estado vai gastar máis na Lei de dependencia, en prestacións sociais.

Eu xa sei que o Partido Popular quere que non haxa prestacións por desemprego e por iso non quere ese exemplo do Sr. Bárcenas que poñía eu porque os que van pagar máis realmente son os que van ter máis rendementos do capital e van pagar moito máis. Iso é o que non quere o Partido Popular, prefire non pagar máis porque non quere que se pague a Lei da dependencia, que se fagan prestacións sociais, que se lles pague máis ás pensións máis baixas, ós que están parados, que se aumenten os recursos para os desempregados. Iso é o que non quere e por iso non está a favor de nada.

Xa lle dicía que é certo que vai subir o IVE a partir do 1 de xullo e o IVE que se vai

subir é o 40% da recadación total, polo tanto o 60% do que consumimos non se vai ver afectado.

Unha cousa esquece: si que é certo que van pagar máis os que máis teñen porque o IVE grava o consumo. Non é o mesmo que consumas 3.000 euros a que consumas 500. Os que teñen máis capacidade de consumo van pagar máis e os que teñen menos van pagar menos. É o mesmo que aplicar un imposto do IRPF progresivo, ó final o efecto é o mesmo pero a diferenza é que un é un imposto directo e o outro indirecto. Se quere lle dou aquí unha clase teórica de en que se diferencian os impostos directos e indirectos porque o efecto ó final é o mesmo, quen máis consumen e polo tanto quen máis ganan son os que van pagar máis, aqueles que teñen máis rendas e polo tanto van ter máis rendas do capital pagarán máis, os que teñen máis rendas e polo tanto consumen máis van pagar máis.

É un imposto progresivo e por iso dicía eu que si a estes orzamentos porque son os máis sociais, deféndense ao I+D+I, as infraestruturas, a creación de emprego, diminúese en cinco puntos porcentuais o Imposto de Sociedades para pequenas e medianas empresas que fomenten o emprego. Cando vostedes fixeron unha medida deste tipo? Cando fixeron unha así para o fomento do emprego? As pequenas e medianas empresas, que é o principal tecido industrial en calquera cidade e provincia, o emprego xéranos os pequenos que non os grandes. Pois ós pequenos lles eximimos de pagar o 5% dos seus impostos. Iso tamén é reducir a presión fiscal e xerar emprego, Sr. Conde. Facendo infraestruturas xeramos emprego e lémbrolle que a crise que estamos sufrindo a nivel internacional xerárona os políticos que concordan coas súas ideas.

Esa defensa do sistema financeiro libre, esa defensa do mercado de “aquí vale todo e nada de regulación”, eses que defendían esas ideas son os que están sentados aí e son os que xeraron a crise. Agora dende o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero estamos a dicir que non sexan os traballadores quen paguen unha crise que xeraron outros e quen teñan máis rendas de capital e máis capacidade de consumo que contribúan máis, pero a xente que realmente o está a pasar mal, os desempregados que sigan tendo as súas prestacións por desemprego, pero non só que sigan senón que aumente o tempo que están percibindo o desemprego

mentres non atopan traballo.

Vostedes queren todo o contrario, queren unha redución precisamente do gasto social, da dependencia e das prestacións sociais. Eu lembro que mentres estaba o Sr. Aznar no goberno xa poñía en dúbida o sistema de pensións e dicía que non daba, que se ían ter que recortar as pensións porque o sistema non dá, entra en creba. Iso pasaba mentres o Sr. Aznar gobernaba, era un sinal, un globo sonda para ir anunciando que hai que reformar o sistema de pensións e que os maiores se van ir quedando sen elas. Iso estábao xa presentando o goberno de Aznar e veu o Sr. Rodríguez Zapatero e demostrou que non, que o sistema de pensións se mantén e non só iso, senón que somos quen de subir as pensións máis baixas e é o que fixemos todos estes anos: subir as pensións máis baixas.

Por iso seguimos dicindo que si a estes orzamentos e que non á súa moción.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, unha vez máis, un Pleno máis, un mes máis, debe botar de menos a Universidade porque tenta vir aquí darnos clases. Aínda que dende o principio deste Pleno case se nos veu acusando de que non sabemos ler e paréceme que a que igual non sabe é vostede. O Partido Popular en ningún caso falou de que se eliminen as pensións, nin as prestación por desemprego, nin nada do que vostede di e está mentindo. O que si fixo o Partido Popular foi o Pacto de Toledo, igual que todos. O que fixo foi garantir que os cidadáns e cidadás deste país poidan percibir as pensións e o que están a facer vostedes é tentar meter a chave para abril, para gastar máis en publicidade, propaganda e en todas esas cousas que tanto lle gustan.

Sorpréndeme cando fala da Lei de dependencia porque, sabe canto pon o Estado para a Lei de dependencia? Un 20%, o 80% restante pono a Xunta de Galicia.

Hoxe en día os Premio Nóbel están un pouco desprestixiados dende que llo deron ó Sr. Obama por non facer nada, pero vostede, Sra. Díaz, fixo unha frase que coido que pasará ós anais da historia como Samuelson ou economistas deste prestixio: "Quen máis consume é que máis gana". Quen máis gaña máis aforra, quen máis consume é a familia que se llas ve e se llas desexa para chegar a fin de mes, lea hoxe o "Faro de Vigo".

Esas son as que máis consumen, as familias que menos teñen, en proporción e

na realidade porque os que máis teñen son os que máis aforran.

Por outra parte para que se reactive a economía xa non é cousa de meu pero numerosos economistas din que se ten que reactivar o consumo e o propio Partido Socialista a nivel nacional fomentou que se reactive o consumo para que poida crecer e saiamos o máis axiña posible da situación de crise.

Falou vostede da situación de crise internacional. Iso gústalles moito ós socialistas, encántalles falar da situación de crise internacional pero non se decatán que ademais desta situación de crise internacional financeira que existe e afecta tamén a España, España ten algo máis, ten un plus que son catro millóns de parados. Se quere ó remataren este Pleno entregareille o dato das cifras de paro que existían no momento no que o Sr. Aznar deixou o goberno e as que temos agora, o que subiu o desemprego daquela ata agora.

Que con máis de catro millóns de parados veñan vostedes agora dicir que amplían as prestacións ou non sei que... A xente non quere prestacións, quere traballar, a ver se isto o meten entre cella e cella. Ter a prestación un mes máis para poderen comprar o xornal por veren se sae un posto de traballo? Parécelle iso razoable a vostede? Haberá que incentivar que se cren postos de traballo e iso non o están a facer. Pero non só iso senón que lles poñen un pé enriba ós traballadores e traballadoras deste país subindo os impostos.

Di que só soben un 40%, pero é que a xente de rendas medias e máis baixas non está incluída nese 40%? Non merca artigos, roupa, calzado, medicamentos, vehículos, vivendas? As vivendas non soben do 7 ó 8% co problema que temos de vivenda? Agora dime que os cidadáns só poden comprar vivenda protexida, queren acabar tamén coa liberdade dos cidadáns para elixir entre mercar unha vivenda libre, teñen que comprar toda vivenda protexida. Non falemos deste tema porque nos levaría por outros camiños.

Dicía o voceiro socialista, Sr. Alonso, que esta subida impositiva ía ser moderada e temporal. Moderada debe ser porque afecta ós traballadores e non ós seus amigos ricos, temporal éo porque ten data de caducidade e como moi tarde será no 2012 cando o PP gañe as eleccións xerais e polo tanto se revoguen estas medidas impositivas.

Eu lles proponho unha fórmula: subida impositiva máis paro, igual a PSOE.

(Está ausente o Sr. Domínguez Olveira do Grupo municipal do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, solicitando se inste ó Ministerio de Economía e ó Presidente do Goberno deixar sen efecto a suba impositiva, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (137).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN. DOC. 90132932.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009 (Doc. 90132932), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Con data 14 de agosto de 2008 o Partido Popular presentou no Rexistro deste Concello unha moción na que se instaba á Corporación a aprobar a constitución da Comisión Informativa de Control da Contratación.

Esta Corporación acordou por unanimidade no Pleno extraordinario do 4 de

setembro de 2008 a constitución de tal comisión.

Encontrámonos a 16 de setembro de 2009, é dicir, un ano e uns días despois, e aínda non se executou o acordo plenario.

Por todo isto, ou Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación a seguinte proposta:

Que se convoque de xeito inmediato a citada Comisión Informativa de Control da Contratación e que se manteña a súa convocatoria na mesma periodicidade das Comisións Informativas deste Concello.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, por escrito de data 28 de decembro:

Que se convoque a Comisión informativa de Control da Contratación cos contidos e a periodicidade que se estableceron no acto de constitución da mesma.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Imos presentar esta moción en sentido positivo para poder levar a bo porto as adxudicacións que se están producindo neste Concello, coa maior transparencia e legalidade. Esta moción xa se presentou por este grupo o 4 de setembro de 2008 e daquela pedíase que se constituíse unha comisión para o control da contratación cunha periodicidade mensual. A moción aprobouse por unanimidade de todos os membros desta Corporación.

Daquela xa se solicitaba o control da contratación porque se estaban vendo temas importantes como a adxudicación a unha persoa dun contrato por parte dunha concelleira que está nesta sala dicindo que era da súa total e absoluta confianza e que con iso abondaba; despois tamén se publicou un prego antes de aprobalo en Xunta de Goberno. Á parte diso agora temos enriba da mesa outros casos como son as aperturas de plicas, retrocesos en expedientes da Mesa de Contratación por ineficacia dos pregos, adxudicacións non realizadas porque ningunha das empresas licitadoras cumpría os requisitos pero coas que falon posteriormente para lles indicar unha redución de prezo para non ter que pasar polo control da Mesa de contratación e tan só ter que pasar por Xunta de

Goberno.

Pero non rematamos aquí porque en canto ós proxectos do Plan E nunca sabemos cal é o proxecto definitivo, só o sabemos cando rematan a rúa. É dicir estes proxectos inicialmente se presentan dun xeito e rematan doutro. Aínda que assistimos á Mesa de Contratación non podemos saber se son os proxectos definitivos ou estase a executar definitivamente un proxecto.

O Partido Popular non pode permitir esta situación. Calquera contrato que se estea realizando nesta administración só leva as aprobacións da Xunta de Goberno, son aprobacións de pregos técnicos e administrativos, adxudicacións definitivas..., pero en ningún momento se trae a este Pleno.

Acostumados a que vostedes dividan os contratos para evitaren que haxa un control pola Mesa de Contratación, observamos cousas como o anterior contrato do que falamos. Un contrato que se levou á Mesa de Contratación, posteriormente establecéronse os correspondentes prazos para a presentación de licitadores, unha vez abertas as plicas viuse que unha delas non presentaba os documentos apropiados e outra incorría en determinados aspectos que non veñen agora ó caso, como este concurso quedou deserto o que fixeron foi dicirlle a unha das empresas que reducira a cantidade para non ter que pasar polo control da Mesa de Contratación. Pódolles dicir que isto é real, unha cousa é que non vexamos eses fraccionamentos de contratos e outra cousa é que o saibamos. Con todo isto non se pode dicir que haxa un coñecemento por parte dos grupos desta Corporación das adxudicacións públicas que se están producindo neste Concello e por iso, de conformidade coa Lei de contratos do sector público que entrou en vigor o 30 de abril de 2008, onde se garanten os principios de liberdade, acceso ás licitacións, publicidade e transparencia no procedemento, solicitamos que se convoque de xeito inmediato a devandita comisión informativa do Control da Contratación e que se manteña a súa convocatoria coa mesma periodicidade que as comisións informativas deste Concello.

SR. LÓPEZ FONT: A actuación do Partido Popular non por reiterativa deixa de ser menos sorprendente. Sr. Martiño, comezamos mal a mañá co Sr. Conde confundindo dúas ACTs e continuamos mal con vostede cando presenta unha

moción literalmente sobre “a Comisión de Control de Contratación” que maximo que sabe vostede que se constituíu o 29 de setembro de 2008. Hai un acordo plenario do 4 de setembro de 2008 e en base a el constituíuse a Comisión de Control de Contratación coa asistencia dos membros do Partido Popular e esta comisión entende do que está regulado nesta acta que lle vou ler textualmente: “A Comisión coñecerá, sen que sexa preciso o seu ditame, de todos aqueles expedientes de contratación nos que o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, dos 6.000.000 de euros, así como dos contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e dúas plurianuais de menos duración cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e en todo caso cando sexa superior á contía antes sinalada”. Esta é a Comisión de Control da Contratación á que vostede se refire, Sr. Martiño, non se refire a ningún contrato menor, nin a ningunha obra do Plan E, nin absolutamente a nada do que vostede relatou.

O que non pode ser e dende logo é unha burla a este Pleno, ós cidadáns e é unha burla democrática á que nos teñen permanentemente sometidos que vostede presente unha moción sobre un tema concreto e fale de todo o demais agás do que presentou na moción. Non falou vostede absolutamente de nada do que presentou na moción.

Sr. Martiño, paréceme que non sabe que a Comisión de Control de Contratación constituíuse e cos votos en contra dos membros do Partido Popular decidiu que se reunise cunha periodicidade de tres meses e non se reuniu porque en ano e pico só houbo un contrato, o de escolas infantís, do que teríamos que dar conta nesta comisión. Polo tanto vostede nos está enganando e burlando de nós.

Non hai forma de debater politicamente con vostedes, porque se eu veño aquí preparado cunha moción sobre a Comisión de Control da Contratación e vostede me vai falar doutras historias, tratar o tema é literalmente imposible.

A Comisión de Control de Contratación constituíuse cos membros do Grupo do Partido Popular e xa lle anticipo que o que require é un texto alternativo que sería o seguinte: “Que se convoque a Comisión Informativa de Control da Contratación cos contidos e a periodicidade que se estableceron no acto de constitución da

mesma". Tenta enganar a este Pleno e non sei se a vostede mesmo xa que esta non é unha comisión informativa coma o resto. Vostede tenta literalmente de meternos aquí un gol fronte ó que aprobamos en Pleno e figura na acta de constitución, en que aquela comisión que non é informativa, que se ten que reunir cada tres meses e co texto da súa moción o que pretende vostede é que se reúna cada mes e isto en termos políticos é unha completa burla.

Sr. Martiño, dixémoslle moitas veces que todas as contratacións que se fan neste Concello teñen toda a transparencia e legalidade porque de non ser así vostedes estarían nos tribunais. Díxenllo ó Sr. Figueroa e a todos os que interviñeron dende ese grupo. Sr. Martiño, cando teñan dúbida de legalidade sobre unha actuación deste goberno vaian os tribunais, pero dende que lle repetín esta frase a calquera de vostedes ningún foi os tribunais. Este é o goberno da legalidade e da transparencia, o que non pode vostede é decidir que as contratacións que se teñen que decidir en Xunta de Goberno, como dixo vostede literalmente, que veñan esas contratacións, calquera tipo de contrato a Pleno.

Está modificando vostede a Lei de grandes cidades. Que pretende facer? Poñer patas arriba a Lei de contratos do sector público? Que o que non estamos obrigados a facer en Pleno o teñamos que facer porque o quere o Partido Popular? Xa lle digo novamente que hai un membro do Grupo Popular na Mesa de Contratación, hai xa uns meses eu din un rolda de prensa e facilitei unha información a todos os medios de comunicación con contratos aprobados na Mesa de Contratación por 55 millóns de euros, todos absolutamente legais porque se a nós, a diferencia de vostedes e de quen era anteriormente concelleiro de Urbanismo, nos advirte un técnico de que non podemos facer unha contratación non a facemos, Sr. Martiño.

Todas as decisións da Mesa de Contratación teñen o voto favorable do membro do Grupo Popular e se nalgún momento hai algunha discrepancia sobre iso que se diga pero non pode vir vostede enganar ós cidadáns en primeiro lugar presentando unha moción da que non fala, cousa que non me sorprende pero co que xa rozou o ridículo. En segundo lugar, falando e tentando espallar unha serie de acusacións sen ningún fundamento. Aquí absolutamente todos os contratos son legais, pasan polas comisións, pola Xunta de Goberno e polos filtros polos

que deben, incluída a Intervención.

Repítolle que se ten algunha dúbida, algunha mínima sombra de ilegalidade sobre algunha das nosas actuacións vaia os tribunais. Como ata o de agora non foi ningún membro do Partido Popular teño que certificar aquí que todas as contratacións, as propias e as do Plan E, absolutamente todas, estiveron dentro da legalidade. Por moito que o intente non vai facer cambiar este concepto que para nós é fundamental. Ogallá a Sra. Porro fixera isto no Porto de Vigo antes de encher e facer determinadas obras.

Estamos falando de legalidade e o Porto de Vigo é moi importante para esta cidade. Ogallá todos os organismos desta cidade cumprisen coa legalidade coma este goberno municipal.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. López Font, non dixo nada, estivo dándolle voltas á legalidade e voulle demostrar que nós cumprimos co legal e xa o dixo o Sr. Toba tamén nunha moción hai un par de anos. Pero antes, como dicían vostedes que se non sabiamos ler, voulle ler parte da mesma acta que vostede me leu a min: “En obxecto da reunión da constitución da Comisión Informativa...” Estame dicindo vostede que non é comisión informativa, que se non teño nin idea de que é; eu insístolle que o pon aquí e se quere llo volvo ler.

Como vostede ben sabe todo isto comezou coa Lei de grandes cidades. No seu momento o Sr. Toba presentou unha moción similar a esta para que as condicións das contratacións e os pregos se levasen ós Plenos e xustamente falaba das contratacións da Sra. Porro, concretamente dicía: “Dáse conta dos contratos realizados polos distintos órganos”. Isto non o digo eu, dío o Sr. Toba nunha moción presentada neste Pleno.

Nós só debatemos politicamente aquí, non imos ós xulgados, demostramos o que está pasando e o que vostedes fan aquí.

Dígolle novamente, Sr. López Font, que hai moito tempo que vostede non pasa pola Mesa de Contratación e por iso pensei que ía ser a Sra. Díaz quen defendería esta moción porque vostede non se decata de nada do que pasa neste Concello. Anteriormente xa lle dixen o que pasara cun contrato, quere que lle saque máis? Túneles, contratos menores que se dividen, pregos que van para atrás,

modificados, pregos que algún personaxe tenta modificar, pregos e máis pregos. Isto pódollo garantir non eu, senón a propia Mesa de Contratación e teño ó meu compañeiro que o manifesta acotío e sobre todo cando veñen demasiados pregos porque moitos deles non cumpren cos requisitos necesarios e por iso se retiran. Efectivamente estamos a falar de situacións que se dan neste Concello, mesmo se está producindo unha tan soante como a dunha oferta presentada en Mesa de Contratación, había dúas licitacións que por causas que non veñen ó caso retiráronse, pois logo se falou cunha desas dúas empresas para que reducise a cantidade e levar a contratación á Xunta de Goberno e non á Mesa de Contratación. Sr. López Font, estamos acostumados a que vostedes dividan os contratos e que semelle que nós non decatamos pero isto xa é desmesurado. E vostede di que non falo da miña moción? A miña moción é para controlar estas situacións que se dan na Mesa de Contratación, para que de sucederen estas cousas nos decatemos e non o teñamos que ver noutro órgano distinto ó que ten que ser.

Líame vostede a acta onde se aprobaba a comisión de control e segundo iso esta é unha comisión informativa ou como vostede lle queira chamar e a súa periodicidade é mensual, o dos tres meses sácao vostede da manga porque se quere tamén lle podo ler textualmente o que se falou por mor da moción presentada pola daquela miña compañeira, Sra. Molaes.

Parece que vostede fai caso omiso de todo o que lle digo e o único que responde é que vaíamos os xulgados. Estamos aquí para solucionar os problemas da cidadanía de Vigo que cada vez máis está desencantada coas actuacións que se están facendo polos continuos desleixos e digo desleixos por non dicir outra palabra.

Coma pensei que falaría coa Sra. Díaz e sei que a ela lle gusta tanto Madrid, xustamente alí hai un regulamento que está unido ó regulamento do Pleno. Dixo vostede que aquí hai un regulamento do ano 88 e aí está todo regulado. Insisto en que o regulamento do Pleno tería que ir incorporando estas modificacións presentes e futuras, cousa que non se está facendo. Este regulamento fala da composición, funcións e periodicidade das comisións e tamén dos organismos autónomos. Sr. López Font, pódolle garantir que a unha Mesa de Contratación

dun organismo autónomo foi un expediente plurianual, aquí non se dixo nada e pódolle garantir que xa hai dous expedientes e se quere lle poden sacar máis. Á comisión informativa de Control da Contratación deberían ir todos os contratos ó igual que se facía no seu momento coa Sra. Porro.

Se vostede realmente considera que debe haber unha necesaria transparencia e legalidade, faga o que ten que facer que é convocar a comisión. Non diga que coa creación xa está porque, cantas veces se convocou? Unha, dúas ou tres veces? Vostede di que cada tres meses pero xa pasou un ano e medio.

Sr. López Font, non pode dicir que neste Concello hai unha legalidade total e absoluta porque o que existe é un desleixo pola parte do goberno en todas as actuacións e ós funcionarios desta Casa se lles está a pedir un 200% que dende aquí quero agradecer dalgún xeito todo o que están a facer para a miúdo levar a cabo moitas actuacións fóra dos seus horarios. Nesta ocasión non lle poden botar a culpa ós funcionarios como adoitan, que é o costume do seu grupo botarlle a culpa ós funcionarios. Aquí é o grupo político quen ten a culpa das súas actuacións.

Solicito novamente que esta comisión teña unha periodicidade de carácter mensual ó igual que as outras comisións e, Sr. López Font, digo comisións informativas porque así aparece na acta. Solicito que a esta comisión se leven todos os contratos para os fiscalizar, para o control que dalgún xeito vostedes necesitan xa que vimos reiteradamente o desleixo existente pola parte do seu grupo.

SR. LÓPEZ FONT: Hai legalidade total neste Concello e a proba é que por máis intervencións que fagan os concelleiros do seu grupo non demostran absolutamente nada. Vostede utiliza moitas argumentacións, fala de non sei cantos contratos e situacións para non demostrar absolutamente nada. Sígolle retando cariñosamente a que aquel contrato no que teña a máis mínima dúbida de legalidade o leven ós tribunais. Dígollo unha e outra vez, hai total legalidade, Sr. Martiño, os contratos están na páxina web, todos os que concursan teñen acceso a cada un dos contratos.

Falou da Mesa de Contratación, dixo que eu non me decato e moitas outras

cuestións pero, houbo nalgunha Mesa de Contratación algún apercibimento pola parte dos funcionarios desta Casa sobre a legalidade dun contrato? Caso do houber non se solucionou pola parte do concelleiro correspondente? Non lle parece normal nun procedemento administrativo que se fagan os pregos e de haberen un erro que se modifiquen?

Vostede e o Partido Popular teñen un problema e acaba de demostrar antes porque se lle foi sen o querer que había moitos pregos. É verdade, xamais houbo tanta contratación nesta cidade, xamais houbo tanta obra, xamais os cidadáns de Vigo viron tanto progreso na cidade e é verdade que para que finalmente vostede e máis eu poidamos pasear pola rúa Coruña ou por calquera outra, ten que haber uns expedientes e todos e cada un deles estiveron dentro da legalidade.

Insisto en que a vostedes lles gusta moito dirixirse ós cidadáns e ós medios de comunicación pero eu non é a primeira vez que digo e sigo dicindo que calquera dúbida de legalidade que teñan a poñan en coñecemento dos tribunais. Non houbo ningunha ata agora, Sr. Martiño, pola contra hai sentenzas xudiciais sobre actuacións de persoas que se sentan con vostede neses bancos nas que si se amosa ilegalidade.

Eu sei ler perfectamente o que pasa é que vostede me quería facer un truco. Xa sei que aquí pon comisión informativa pero o título é Comisión de Control e a Comisión Informativa de Control da Contratación que ten o lexítimo dereito democrático a decidir a periodicidade, decidiu por tres meses. Vostede presenta, coma sempre, unha moción-trampa para que esta comisión se converta no vostedes queren. Non dixemos tres meses por capricho, foi porque propoñendo que esta comisión se reunise cada mes vostedes trataban de afogármonos administrativamente. Vostedes teñen control e coñecemento de todos os contratos menores a través da Xunta de Goberno e de todos os contratos a través da Mesa de Contratación e para as funcións desta Mesa de Control da Contratación non é necesario reunirse mensualmente polo tanto vostede pretendía unha moción-trampa.

Alégrome de que fale ben dos funcionarios desta Casa, de que recoñeza que traballan mesmo en ocasións por riba das súas posibilidades e horario porque a cidade neste momento o require, coma goberno iso llo estamos recoñecendo.

Vostedes non estiveron sempre ó carón dos funcionarios, vostedes chegaron dicir aquí dalgúns funcionarios que os premíamos nun ou noutro sentido. Vostedes Se lle parece “esvaerme e dispersarme” coa concreción coa que lle estou a contestar, quen se dispersou foi vostede porque comezou falando dunha moción que non presentou. Eu estou concretando e dicíndolle a todos os cidadáns que neste Concello se executan contratos por moitos millóns de euros e os cidadáns non están desencantados senón que pola contra están encantados coa cidade que teñen ultimamente e iso é o que lles molesta a vostedes.

Na constitución da Comisión de Control da Contratación estaban: D. Antonio Coello, D^a Elvira Larriba, D^a Carlota Muñoz, D. Miguel Fidalgo Iglesias e D. Javier González Sagarra. Esta é a legalidade da moción que vostede presentou. Xa vexo as caras de sorpresa dalgúns dos asistentes.

Estamos cumprindo literalmente o que se acordou nesta comisión, como Goberno estamos a cumprir con todas as nosas obrigas legais en contratación e repítolle unha vez máis que de teren algunha dúbida sobre legalidade, que ninguén de vostedes foi quen aínda da demostrar, vaian ós tribunais. Os cidadáns ven que facemos obras, que esta cidade progresa e todo iso dentro da legalidade, cousa que moitos de vostedes non poden dicir.

Durante a súa intervención o Sr. López Font foi interrompido varias veces polo Sr. Figueroa Vila, quen foi apercebido pola Presidencia.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Si, tratamos de controlar que non se suprima esta comisión. Dende hai dez anos, cando D^a Dolores Villarino a creou, esta comisión se viña realizando e vostedes nestes dous anos de goberno tiraron todo pola borda por mor de evitaren ese control pola nosa banda.

Outra cousa que está clara é que cando algún funcionario non lles gusta por algún informe emitido o que fan é cesalo ou mandalo cara outro departamento para dicir que segue aí e así rematou o problema.

Si que vostedes realizan pregos pero confunden á cidadanía porque o gasto é excesivo. No goberno de Corina Porro fixéronse determinadas obras con custo cero para esta cidade, obras como Policarpo Sanz, Areal, Jenaro de la Fuente cos

seus correspondentes parques, Pintor Colmeiro, urbanización Barreiro..., urbanización que vostedes poñen na súa lista pero todo o expediente desa obra fíxoo o Partido Popular; a piscina de Coia..., todo con custo cero.

O que precisamos é a Comisión de Control da Contratación para que dalgún xeito lle poidamos fiscalizar porque vostedes suprimiron esta comisión o que é impensable. E repito que esta comisión creouse xa hai dez anos con D^a Dolores Villarino, vostedes a crearon e agora son os mesmos que a sacaron porque queren agochar contratos como ós que fixen referencia. Falou dos funcionarios pero moitos deles se queixan de como van os pregos, o que pasa é que vostedes non queren ver coma unha sociedade coma a viguesa lles pide legalidade. Nunca fomos ós xulgados pero lles pedimos que a Comisión Informativa de Control da Contratación se constituía dunha vez, que se reúna. Hai dez anos a Sra. Villarino constituíu esa comisión e con ela se fixo un control exhaustivo e así mesmo o Sr. Toba dicía que “Se daba conta dos contratos realizados polos distintos órganos”, pero aquí o que se fai é agochar.

Nós non imos ir en ningún momento ós tribunais que para iso xa están os avogados, debatemos politicamente e tentamos levar un control exhaustivo da contratación, control que esixe que se reúna esta comisión de control da contratación mensualmente.

Demostramos que se produciron alteracións nas Mesas de Contratación e o exemplo témolo coas ofertas de dúas empresas que ó final só quedou unha e cando se decate a outra empresa a ver o que di, por iso solicitamos que se convoque a Comisión de Control da Contratación con carácter mensual tal e como se aprobou no seu momento.

Necesitamos esta comisión de Control da Contratación porque están levando vostedes de calquera xeito moitos contratos nesta casa e mesmo moitos funcionarios se están a queixar.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, hai unha emenda á moción asinada polo Sr. López Font que di: “Que se convoque a Comisión Informativa de Control da Contratación cos contidos e a periodicidade que se estableceron no acto de constitución da mesma”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: A acta non fala da periodicidade. O que realmente poño na moción e o que desexamos é que se convoque coa periodicidade das comisións informativas.

A PRESIDENCIA: Teño a acta diante e no parágrafo quinto da acta de constitución da Comisión de Control da Contratación se di: “Así mesmo a comisión, co voto en contra dos concelleiros do Grupo político municipal do Partido Popular acordou establecer a periodicidade das reunións ordinarias no período de tres meses”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Votouse en contra no seu momento porque é unha comisión informativa e do que estivemos falando é que a periodicidade debe ser como a das comisións informativas, é dicir, mensualmente coma estaba, como se constituíu con D^a Dolores Villarino hai dez anos.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, eu limítome a ler esta acta, non é a miña opinión.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Se non é coma redactamos a moción, non aceptamos a emenda.

A PRESIDENCIA: O Sr. López Font mantén a súa emenda e sometemos a votación “Que se convoque a Comisión Informativa de Control da Contratación cos contidos e a periodicidade que se estableceron no acto de constitución da mesma”.

A Presidencia somete a votación a emenda formulada polo Sr. López Font.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en

contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a emenda formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, e xa que logo convocar a comisión informativa de Control da Contratación cos contidos e a periodicidade que se estableceron no acto de constitución da mesma.

9.- (138).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR
PRESENTANDO MEDIDAS ECONÓMICAS PARA REDUCIR OS EFECTOS
NEGATIVOS DA CRISE. DOC. 90132933.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009 (Doc. 90132933), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“A situación de crise que vive a nosa sociedade nos tempos que corren e da que a nosa cidade non escapa, fai preciso medidas eficaces e extraordinarias por parte das administracións públicas para minimizar no posible os efectos que teñan na sociedade.

Por isto dende o Partido Popular entendemos que deben de adoptarse unha serie de medidas a fin de reducir no posible os efectos negativos da crise e por iso propoñemos a adopción das seguintes medidas polo Pleno da Corporación.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- Contención orzamentaria: faise necesario que o Concello cara ó vindeiro exercicio 2010 sexa austero á hora de facer a planificación do gasto orzamentario, tendo en conta a situación de crise que vivimos, o descenso dos ingresos do Concello provenientes do Estado.

2.- Austeridade no gasto do Concello para o que propoñemos unha redución

nun 20% dos gastos improditivos do capítulo II así como un 50% das partidas asignadas para protocolo, representación e publicidade do Concello e os seus departamentos.

3.- Unha maior transparencia na xestión municipal: para iso propoñemos a inmediata posta en funcionamento da Comisión Municipal de Control da Contratación, a creación dunha Comisión de Control Orzamentario, a publicación na web municipal ao día seguinte de se acordar todas as adxudicacións de obras municipais, así como dos convenios urbanísticos o día seguinte a súa sinatura.

4.- Verdadeiros plans de apoio ás PEMES e ós autónomos que son os xeradores de emprego na cidade: Análises de novos xacementos de emprego e plans de formación axeitados a novas necesidades; Incrementar as axudas á creación de Pemes e comercios; plans de actuación en materia turística a fin de fidelizar o mesmo.

5.- Unha auténtica baixada dos impostos, taxas e prezos públicos ós cidadáns.

6.- Ampliación dos beneficios sociais ás rendas máis desfavorecidas, acelerar e executar as obras públicas pendentes no ámbito local en materia social: garderías, residencias de maiores; incremento das axudas do Concello ás organizacións que tratan cos máis desfavorecidos; impulso ao SAMUR social, incrementar as axudas a domicilio á infancia; incrementar as axudas do Servizo de Asistencia a Domicilio para persoas maiores; transporte público gratuíto para os fillos de familias numerosas.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, durante o curso do debate por escrito do 28 de decembro:

Instar ó Goberno municipal a que no mes de xaneiro presente un orzamento destinado a minimizar os efectos da crise de Vigo, contemplando para iso os recortes de impostos e taxas municipais xa realizadas, así como promover o emprego, o investimento e o gasto social.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Logo de moito tempo por parte do goberno da Nación recoñeceuse a situación de crise que vive a nosa sociedade. Son tempos difíciles, xa falei antes das circunstancias que se dan en moitas familias e porén coidamos que o Concello de Vigo debe contribuír na medida do posible a minimizar os efectos que poida ter para a sociedade viguesa esta crise. O ano pasado

presentamos vinte e cinco medidas, este ano fomos austeros e así pedimos a este Pleno que aprobe seis medidas para que na medida do posible os efectos negativos da crise queden minimizados.

Esta moción tamén se presentou o 16 de setembro, así consta no selo do Rexistro de Entrada e estamos agora a finais de decembro, pensei polo tanto que algún dos puntos non ían ter actualidade pero vexo que aínda non se trouxo ó Pleno o orzamento para o próximo exercicio e polo tanto están aínda a tempo de admitir estas propostas “en positivo”, como dicía o Sr. Martiño anteriormente, que lles facemos dende o Partido Popular e que non buscan máis que o beneficio para todos os cidadáns e para o Concello.

Concretamente pedimos a contención orzamentaria. Faise necesario que o Concello cara ó próximo exercicio 2010 que comezará dentro duns días sexa austero á hora de facer a planificación do gasto, tendo en conta a situación de crise na que vivimos e o descenso dos ingresos do Concello provenientes do Estado.

En segundo lugar propoñemos a austeridade no gasto do Concello e para iso propoñemos unha redución do 20% dos gastos improdutivos do Capítulo II, así como un 50% das partidas asignadas para protocolo, representación e publicidade do Concello e dos seus departamentos.

O terceiro punto redunda un pouco a moción que tratamos con anterioridade porque pedimos unha maior transparencia na xestión municipal. Non cremos que a transparencia consista sinxelamente en publicar os intereses do Alcalde ou dos Concelleiros na páxina web. Coidamos que esa maior transparencia na xestión municipal dáse a través doutras cousas. Na miña primeira moción falamos das comisións, de que se houbo un exceso de comisións, que por certo se aprobaron polo Grupo socialista e polo Bloque Nacionalista Galego por canto carecíamos de votos suficientes, e estas comisións das que propoñemos a súa posta en funcionamento unha é a que se tratou hai un momento, a Comisión de Control da Contratación, propoñemos tamén a creación dunha comisión de control presupostario, a publicación na páxina web municipal ó día seguinte de que se acorden de todas as adxudicacións de obras municipais, así como os convenios urbanísticos ó día seguinte da súa sinatura.

No punto cuarto pedimos verdadeiros plans de apoio ás pequenas e medianas empresas e ós autónomos que son os verdadeiros xeradores de emprego na cidade e así o vemos en todas as estatísticas existentes, análises de novos depósitos de emprego e planes de formación de acordo coas novas necesidades que se están creando; incrementar as axudas á creación de PEMES e comercios e plans de actuación en materia turística a fin de facer fiel ó turismo á nosa cidade. Coma punto quinto pedimos que non se nos tome o pelo, que non se nos anuncie aquí baixadas de impostos inexistentes senón que se acometa unha auténtica baixada de impostos, taxas e prezos públicos ós cidadáns para atender ós mesmos e para que todos se vexan beneficiados.

Coma punto sexto pedimos a ampliación dos beneficios sociais ás rendas máis desfavorecidas e acelerar e executar as obras públicas pendentes no ámbito local en materia social: garderías, residencias de maiores, etc.; incrementar as axudas do Concello ás organizacións que tratan cos máis desfavorecidos, pulo a un SAMUR social, incremento das axudas a domicilio e á infancia, incrementar as axudas do Servizo de asistencia a domicilio para persoas maiores, transporte público gratuíto para todos os fillos de familias numerosas.

Entendemos que unha política social como a que propoñemos e propuxemos sempre non deixa de ser, nunha época de crise como a que vivimos, un feito favorecedor para saír desta crise nun momento no que vemos que os cidadáns teñen numerosas dificultades.

Cremos que todas estas medidas que non van separadas senón que son un conxunto, deben levar facer unha vida mellor ós vigueses e viguesas e que esta administración que é a máis próxima a eles dea exemplo do que debe ser unha verdadeira política para que o 2010 sexa o ano non dos “brotos verdes”, senón da verdadeira saída da crise.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Conde, está presentando con esta moción o que serían emendas ó orzamento. Voulle contar coma están os orzamentos e voulle dicir como se están contemplando cada un dos puntos, o que xa fixemos e o que estamos a facer.

Vostede parte de que é necesaria unha contención orzamentaria para que o

presuposto do exercicio do 2010 sexa austero. Xa foi austero no ano 2009 e seguirá sendo austero no ano 2010 pero sen que iso teña en conta a redución de prestacións sociais, iso por suposto, pero vostede que coñece a economía saberá que as políticas keynesiás din que para saír da crise é necesario incrementar o gasto. Polo tanto nós faremos un orzamento investidor, creador de emprego e pensado para mellorar a cidade de Vigo.

No punto dous fala novamente da austeridade reducindo un 20% os gastos improditivos do Capítulo II. Lémbrolle que cando fixemos o primeiro orzamento no ano 2008 elimináronse por completo os gastos improditivos, non hai nestes momentos nin un só euro destinado a gasto improditivo e polo tanto non o podemos reducir nun 20% porque non o hai.

Propón tamén unha redución do 50% das partidas asignadas para protocolo e publicidade. Lémbrolle, aínda que non lle guste, que foi a Sra. Porro quen se gastou dous millóns de euros en publicidade aínda que iso quedou xa completamente eliminado nos orzamentos de 2008 e de 2009 e por suposto de 2010. Lémbrolle que foron dous millóns de euros en seis meses e con campañas paradas pola Xunta Electoral.

Falou tamén dunha maior transparencia na xestión municipal pero tamén lle lembro que foi esta concelleira que está a falar quen nos primeiros meses creou unha páxina web con información económica de transparencia na que se colgan decote os estados de contas, as liquidacións, os orzamentos..., está todo colgado na páxina web. Lémbrolle tamén que todo o que pasa por Xunta de Goberno é público e polo tanto se pode coñecer, vostedes poden acceder e polo tanto é absolutamente todo público, transparente e coñecido.

Dicían que non abonda con que se publique o rexistro de intereses do Alcalde; pois poñamos tamén o do Sr. Figueroa e así entre todos contribuiremos á maior transparencia, tanto á que está no meu carón, que nós xa demos o primeiro paso porque os datos do Alcalde xa están colgados, pois poñamos tamén os do Sr. Figueroa e así entre todos contribuiremos a unha maior transparencia dos patrimonios de todos os concelleiros.

Falou tamén de apoios de emprego, de axudas para pequenas e medianas empresas, autónomos, novos depósitos de emprego. Todo iso está contemplado

nos orzamentos, xa estaban nos do ano 2009 e polo tanto seguirán estando nos de 2010. Lémbrolle que foi precisamente este goberno quen incrementou as partidas para fomento e creación de emprego. Tamén están as axudas para o comercio e as de materia turística.

En canto á auténtica baixada dos impostos lémbrolle unha vez que quen me está tomando o pelo son os señores do Partido Popular. Quero que me digan aquí un só concello do Partido Popular no que se contemple unha baixada de impostos, non pido máis ca un, non sei exactamente cantos concellos hai en España, coido que hai máis de mil e quero que me diga un só municipio que teña contemplada unha baixada nas taxas dos gobernados polo Partido Popular.

En canto ó sexto punto estamos tamén incrementando todo o feito en materia social, non só no ano 2010, no ano 2009 incrementáronse as axudas de benestar, as de comedor, as de garderías; polo tanto todo isto xa está contemplado no ano 2009 e seguiremos no ano 2010.

Visto o anterior eu propoño unha emenda a esta moción, que xa que estamos traballando neste maior incremento en gasto social, nada de gastos improdutivos, reducir todas as campañas de publicidade e demais, propoño a seguinte emenda: “Instar ó goberno municipal a que no mes de xaneiro presente un orzamento destinado a minimizar os efectos da crise na cidade de Vigo contemplando para iso recortes de impostos e taxas municipais xa realizados, así como promover o emprego, o investimento e o gasto social”.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente repítese unha moción propoñendo medidas contra a crise e coido que a concelleira encargada da Concellería de Economía e Facenda contestou xa polo miúdo ás propostas concretas que fan nesta moción. Porén a min gustaríame sinalar sinxelamente que como no caso anterior entre dicir o que non vale ou ofrecer alternativas claras e concretas, hai unha grande diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego.

Nós podemos dicir que si estamos incrementando os orzamentos en gasto social e concretamente en servizos sociais. De feito e por daren algúns datos, podemos dicir que en Benestar Social se aumentou nun 110% dende que chegamos a este Concello o presuposto para servizos sociais, aumentáronse nun 50% as bolsas de

comedor, multiplicáronse por 3 as axudas de emerxencia, no Servizo de axuda a domicilio pasou de 1.200 a 2.500 millóns. Esas son cifras que demostran quen se compromete ou quen non. Están tamén as axudas directas ás familias para consumir nos comercios da cidade que son axudas directas para os pequenos e medianos comercios que entre este ano e o que ven ascenden a 2.400.000 euros. Esta é a primeira vez que se toma unha medida semellante.

Estes son datos concretos que demostran se se fai ou non política social. Antes déronse algúns datos sobre os orzamentos da Xunta de Galicia nos que se dicía que hai 1.000 millóns de euros dedicados a servizos sociais. Hai que aclarar que os 1.000 millóns de euros son o orzamento total da Consellería de Traballo e Benestar Social e desa cantidade sete de cada dez euros dos orzamentos da Xunta de Galicia, segundo dixo a Concelleira, Sra. García, dedícanse a gasto social que, como ben dicía a Concelleira de Benestar Social xa nos gustaría pero dende logo iso está moi lonxe da realidade.

Ademais hai que ver ben de que falamos cando falamos de gasto e investimento en servizos públicos. Falamos de servizos sociais pero os orzamentos da Xunta demostran que a súa aposta polos servizos sociais é moi limitada. Estamos falando dunha baixada dos gastos de servizos públicos como sanidade ou educación, falamos de gasto que non de investimento. En educación o investimento baixa nun 16% pero o gasto baixa tamén un 1,1% e ademais redistribuímos os gastos logo como queremos e como mellor entendemos.

Estamos a falar de 1.000 millóns de orzamento para a Consellería de Traballo e Benestar e entendemos que iso é servizo social pero é o mesmo que se vai gastar a Xunta de Galicia no concerto cos centros educativos privados. Xa vemos o peso que ten o gasto en servizos públicos dentro do orzamento da Xunta de Galicia. Ademais non modifica o modelo produtivo actual que si que é preciso para saír desta crise. Non imos saír da crise sen modificar o modelo produtivo e reducen os investimentos en sectores como o da pesca nun 23%. Entón realmente dá un pouco de risa que veñan aquí dármonos leccións de como afrontar a crise dende o Concello. Computan coma investimento a privatización de infraestruturas públicas cousa que tamén o estamos vendo e véndennos que son investimentos.

Nos orzamentos da Deputación pasa tres cuartos do mesmo, de 70 millóns de euros contra a crise a Vigo non nos toca nada, mesmo desaparece o Plan de Emprego para Concellos dos orzamentos da Deputación de Pontevedra, o ano pasado había tres millóns no Plan de Emprego, este ano directamente non hai Plan de Emprego.

Sr. Conde, dicía vostede nunha intervención anterior que non nos decatábase de que a xente quere traballar; semella que os que non se decatan de que a xente o que quere é traballar son vostedes porque eliminan un Plan de Emprego de tres millóns de euros e veñen aquí dármonos leccións outra vez.

Tamén me gustaría que se aclarase, aproveitando que temos agora un debate sobre cuestións relacionadas coa economía. Nun debate dunha moción anterior vostede dixo que o Bloque Nacionalista Galego apoiou os orzamentos do Estado. A min gustaría saber se vostede sabe que votou o Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados, Sr. Conde, porque iso vai constar en acta e entón me gustaría que o aclarase. Sabe vostede que votou o Bloque Nacionalista Galego? Non me contesta, non sei se o sabe ou non. Mágoa que estea tan pouco informado. O Bloque Nacionalista Galego non votou a favor dos orzamentos do Estado no Congreso dos Deputados, votou en contra e se o sabe está vostede mentindo.

Vostede, que é a quen se lle enche a boca de dicir que nós mentimos, vostede que é quen quere un regulamento para este Pleno, pois hai regras de debate político que non están escritas pero que hai que respectar. Por favor deixe de mentir, de facer demagogia e dean exemplo alí onde gobernan que é o que non están a facer.

SR. CONDE GIL: Semella que imos ter orzamento, xa falaremos del no seu día. Pedimos unha contención presupostaria, Sra. Díaz, é porque vostedes están a facer anuncios que nos parecen bastante irresponsables, como “O Alcalde decide endebedar Vigo ó máximo só para facer rúas” ou “A boa saúde das contas permítenos ampliar a débeda para adiantar proxectos”, “O Concello aproba vinte millóns máis para reformar novas rúas”. Pero logo hai outras novas como: “Vigo perderá uns vinte millóns pola caída das transferencias do Estado ó Concello” que

son preocupantes.

Loxicamente toda familia cando recibe menos, aínda que o Sr. Keynes dixera que hai que subir o gasto, se gasta menos; coido que ata aí estaremos de acordo. O que non se pode facer é gastar o mesmo ou máis e máxime cando se demostrou que o están a facer realmente mal.

En materia orzamentaria xa tivemos ocasión de debater neste Pleno. Dixo vostedes que os orzamentos son austeros. Non sei onde ve vostede esa austeridade, quizais sexa na publicidade, nos programas de televisión e radio; iso si que é austero.

A vostedes sempre se lles enche a boca falando dunha cifra que se move. Falou de que eliminaron os gastos improdutivos pero é mentira, sabe perfectamente que non é así, están no orzamento e se queren os medios de comunicación logo llos facilitamos.

Pero, ademais algo fixo que xa ten vostede é que sempre saca, é o tema dos dous millóns de euros e da Xunta Electoral. Iso foi no ano 2007 e xa aburre que sempre estea co mesmo. Se quere falamos dos gastos de publicidade porque en dous anos a empresa Anónimo Publicidade facturou máis de tres millóns de euros e non falemos xa da sucursal Cícere porque agora non está o Sr. Domínguez Olveira e por iso non quero falar do famoso vídeo que tanto lle molesta, pero se quere falamos.

Falou logo da maior transparencia na xestión municipal pero para vostede a maior transparencia neste Concello é que o Sr. Figueroa colgue o seu rexistro de intereses que o coñecen vostedes perfectamente porque está depositado na Secretaría; esa é a maior comparación que poden facer vostedes. Agora ben, que a Comisión de Control da Contratación funcione mensualmente como pedía o meu compañeiro o Sr. Martiño, que se cre unha comisión de control presupostario, a publicación na web municipal ó día seguinte de acordarse as adxudicacións de obras públicas municipais e os convenios urbanísticos ó día seguinte da súa sinatura; iso dálles exactamente igual, iso non é transparencia. Agora ben, teñen sempre que nomear a unha determinada persoa non se sabe moi ben para que.

En canto ós plans de apoio ás PEME e ós autónomos dixo que efectivamente fan

investimentos, pero o Partido Socialista vai máis aló e así a semana pasada vimos que dous concelleiros, o Sr. Calviño e o Sr. Rodríguez Díaz, se dedican tamén ó mundo da publicidade pero dunha determinada empresa.

O pasado ano 2008 o Concello de Vigo tiña oito ILEs (Iniciativas Locais de Emprego), son proxectos que o Concello coida que teñen importancia xeradora de emprego e de riqueza para a cidade. Das oito só unha tivo o apoio do goberno municipal. Resultoume curioso e por iso me puxen a investigar un pouco porque ademais o fan con moi pouco disimulo. Pois resulta que o fundador desta empresa é militante de Xuventudes Socialistas e a súa nai militante do Partido Socialista. De oito Iniciativas Locais de Emprego do ano 2008 fanlle propaganda gratuítas en todos os medios de comunicación a unha. Iso é un descaro.

Supoño que o tema da emenda será para que pase como coa moción do Sr. Martiño ou algo así. Eu dende logo que non a vou admitir, os puntos están aí e os cidadáns coñécenos.

Logo a Sra. Veloso comeza falar aquí do gasto social, das axudas á emigración, do SAF, de educación, do modelo produtivo..., cando no Concello se está seguindo a mesma estratexia que se seguiu no seu día no bipartito da Xunta de Galicia: privatización de servizos (Clece, Cidalia, Grupo 5), gasto excesivo en publicidade con empresas afíns e xa nomeei Anónimo con máis de tres millóns de euros. Enchufismo en centros de emerxencia de mulleres maltratadas, oficina inmigración, mediadoras a partir do mes de xaneiro, coidadores de barrio, profesora de árabe no Centro Social do Calvario. Escurantismo e ocultación de información; imposición do galego en todos os ámbitos e mesmo na inmigración. Paréceme unha falta de respecto dirixirse a un inmigrante nunha reunión no idioma galego cando temos o castelán que é máis fácil para a súa integración porque é o que adoitan coñecer todos eles.

A Sra. Díaz tamén cala o punto 6 da ampliación dos beneficios sociais que pide que se rematen as garderías, as residencias..., todo aquilo que prometía o Sr. Alcalde en campaña, moi sorrinte: trece centros de día para maiores, corenta e sete escolas infantís e garderías, seis centros de atención primaria, inglés para todos os nenos e nenas, saneamento da área de Vigo, centros da terceira idade, un Vigo igualitario para todos os barrios e parroquias, un Vigo con poder en

España... O único que cumpriu foi o 40% de solo urbanizable dedicado a vivenda protexida e como se nada porque non se desenvolve o plan. Tamén como dixo o outro día nun programa de televisión, en troques de seis mil vivendas protexidas falou de doce mil e pico. Corríxese el mesmo. Iso é bo.

Coma dicía antes os órganos consultivos de Vigo xa non falan, non interesa ouvir a ninguén; non interesa escoitar ó Partido Popular pero tampouco á Fundación Provigo, Federación de Veciños, comerciantes, empresarios... Pero iso si, as grandes achegas do Partido Socialista son a Lei de economía sostible..., todas estas circunstancias.

Non está a Sra. Veloso, non lle podo contestar pero coido que na aprobación inicial dos orzamentos o Bloque Nacionalista Galego votou a favor e semella que na aprobación definitiva votou en contra; alégrome de que tiveran ese exercicio de responsabilidade. Pero todos nos podemos equivocar e se me equivoquei, non pasa nada.

Falou vostede do Plan de Emprego da Deputación, pois a min tamén me gustaría saber tamén que pasa co Plan E.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Por se vostede tiña algunha dúbida, Sr. Conde, dígolle que vai haber orzamentos, non sei a que ven esa maneira que teñen vostedes de crear incertezas cando din que non vai haber AVE, nin auditorio, que se o goberno vai romper, se non vai haber orzamentos... Parece iso de solta que algo queda porque hai AVE, hai auditorio e vai haber orzamentos e por iso a emenda di que no mes de xaneiro presentemos xa os orzamentos.

Dixo que seguimos mantendo o gasto improdutivo e que llo vai dicir á prensa. Non, dígao aquí. Diga aquí que partida de gasto hai nestes momentos que sexa improdutivo, se o Servizo de asistencia domiciliaria, a xeración de emprego, o lixo, os xardíns, parques infantís, o mantemento ou construción de novas beirarrúas... Dígame un só gasto que non sexa produtivo ou que non xere emprego. Diga unha soa partida e non ameace porque dá esa sensación cando di que se agora non o vai dicir pero si que llo vai dicir á prensa. Dígao aquí para que nos decatemos todos porque igual é que eu non coñezo o orzamento, ó mellor é que son unha ignorante e non sei de que vai o documento que fago. Está todo o

mundo agardando a que nomee unha soa partida de gasto improdutivo.

Falou tamén de gasto de publicidade e insinuaba que estamos facendo gasto en publicidade a destro e sinistro con empresas que nós queremos. Aquí hai de todo o mundo, aquí non se está facendo “publicidade”, estase promocionando a cidade e entre esas empresas que fan traballos de promoción hai xente do PP, igual que podería ser de calquera outro partido. Cando nós lle damos a unha empresa unha concesión para facer unha promoción ou un traballo non lle preguntamos se ten o carné vermello ou azul, se ten gaivota ou ten rosa; iso non o preguntamos, imos á mellor oferta, á empresa que ofrece mellores servizos e dámosllo porque a xente ten liberdade de escoller a súa opción política. Sr. Conde, aquí non distinguimos, quizais outros distinguían antes e así se pode aplicar o refrán de “...todos son da súa condición” e así como algúns obraban dunha maneira coida vostede que os demais obramos igual pero non é así, Sr. Conde.

Comezou a criticar unha serie de medidas. Eu preguntolle que cales son as axudas que realmente vostedes defenden para combater a crise? A Sra. Veloso acaba de falar da eliminación dos plans de emprego, cousa que eu non lembraba pero que xa dixen nun debate anterior que o quere o Partido Popular é diminuír as axudas ós desempregados e aí ten a proba, fixérono xa na Deputación e de poderen faríano en Vigo.

Segundo a argumentación de antes semella que agora non interesa, cando alguén se ausenta é que non interesa. Seguirei falando para o resto de compañeiros do Partido Popular e para o resto dos cidadáns que están aquí presentes.

Cal é a primeira axuda que propuxo o goberno do Partido Popular para combater a crise? Eliminar a gratuidade dos libros de texto. Foi a primeira, ós poucos días de goberno se decidiu eliminar a gratuidade dos libros de texto. Iso non é unha subida de impostos pero si que cada pai, cada nai temos que pagar agora polos nosos fillos en libros de texto máis de 300 euros, para min isto supón que cada fillo agora ten que pagar 300 euros por libros, en total 600 euros. Isto supón que o que temos que pagar agora os pais polos libros de texto supón máis que o que vai que ter que pagar calquera cidadán pola subida do IVE.

Dixo tamén que temos que seren austeros e que como hai caída de ingresos ten que haber tamén caída de gastos. Lémbrolle que do Estado só caen seis millóns, non sei de onde sacou vostede a cifra pero hai un Fondo de Interese Local, non lembra que o goberno Zapatero creou un ZP 2 no que van gastos correntes e gastos de investimento co que podemos incrementar o orzamento gracias ás achegas que está a facer o Plan Zapatero.

Cando aquí novamente lembramos á Sra. Porro ou falamos de Madrid di que son “contos”. “Conto” é lembrarlle o que fixo a Sra. Porro no 2007 ou o que está pasando en Madrid? Dío así porque non lle gusta pero si se lembraba dunha historia do BNG, iso non era “conto”. Éo dicir que a Sra. Porro gastou dous millóns de euros na publicidade. Pero, Sr. Conde, iso non é “conto” porque o gasto de publicidade electoralista que fixo a Sra. Porro pagárono todos os cidadáns e non é “conto” porque lle lembro que deixou o Areal sen pagar e iso o seguen tendo que pagar agora os cidadáns como tamén pasa cun convenio con Zona Franca que tamén hai que pagar agora. Polo tanto non son “contos” porque o que fixo a Sra. Porro nos anos 2007, 2006 e 2005 segue tendo consecuencias agora e todos os cidadáns vigueses están pagando as consecuencias das actuacións da Sra. Porro. Non lle gusta que falemos de transparencia en igualdade de condicións cando lle digo que o Sr. Figueroa publique os seus bens. Eu dígolle que absolutamente todo o que pasa por contratación é público e o que permite a Lei de contratos que non chegue a Mesa de Contratación e pasa por tanto por Xunta de Goberno tamén é público, aquí non hai nada que non sexa público, Sr. Conde.

Falou dunha comisión de control presupostario pero é que xa existe, é este Pleno no que cada tres meses hai que dar conta do estado do orzamento polo tanto xa hai unha comisión, a mellor que pode haber porque é a de todos.

Sinxelamente dicir que a maior proba que o Sr. Conde volve mentir é que di que eu non nomeei o punto 6 cando si o fixen, falei das garderías, dos comedores, da asistencia domiciliaria e polo tanto non diga que minto cando todo está gravado e cando se falou aquí de todos os temas.

Sigo defendendo a emenda, os orzamentos que imos ter e sigo defendendo que van ser os mellores orzamentos para a cidade de Vigo porque van defender o investimento, o emprego e o gasto social.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, estamos a falar de futuribles porque non coñecemos os orzamentos, imos agardar para os valorar. O que nós facemos aquí son recomendacións que pedimos neste Pleno para acometer a época de crise na que estamos.

Éncheselle a boca falando tamén do AVE, do auditorio. Efectivamente hai un auditorio e seis aparcadoiros que deixou o Partido Popular. Por certo, era un auditorio e como lles gusta minimizar as cousas quedou nun mini auditorio pola súa defectuosa xestión.

Non lles imos admitir a emenda que presenta. Cando sexa presenten e defendan os orzamentos e nós faremos o que coidemos conveniente.

Falou do Plan E II e precisamente como vai haber este plan e todos estes diñeiros extraordinarios o que non queremos é que se converta noutra oportunidade perdida para a cidade, que non se fagan proxectos que sinxelamente consistan no cambio de lousas. Encántalles o granito e a pedra pero lles lembro que a finalidade do Plan Local de Dinamización era o fomento do emprego e neste Concello non se fomentou, como moito seiscentos traballadores en seis meses e agora, que pasa con eles? Se en troques de realizar ese tipo de proxectos realizaran outros, eses proxectos quedarían aí, habería que contratar persoal e serían xeradores de emprego non para seis meses, senón para moitos máis anos. Ese é un verdadeiro plan e non cambiar beirarrúas.

A nós non nos molesta nomear á Sra. Porro, témoslle moito cariño á nosa presidenta local, pero lles lembro que entre xuño de 2007 e novembro de 2009 en Vigo temos case 9.000 parados máis, subiu un 50,19%. Esta é a xestión dos que prometían o pleno emprego neste Concello, dos que viñan con ese cartel.

Como non pedimos ningunha cousa do outro mundo, vemos que non queren contención orzamentaria, xa o anuncian, os gastos do Concello lles dan exactamente igual e fala de propaganda de dous millóns de euros cando dende o principio cos orzamentos están facendo propaganda e publicidade, que os departamentos moitas veces están dedicando máis diñeiro a propaganda que ós proxectos.

Pedimos que apoiem estas medidas presentadas non polo Partido Popular, senón

polo beneficio dos cidadáns e cidadás desta cidade para saír da crise o máis axiña e para que o Concello non estea na ruína cando o deixen vostedes no 2011.

A Presidencia somete a votación a emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, e xa que logo, instar ó Goberno municipal a que no mes de xaneiro presente un orzamento destinado a minimizar os efectos da crise de Vigo, contemplando para iso os recortes de impostos e taxas municipais xa realizadas, así como promover o emprego, o investimento e o gasto social.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, pide a palabra para explicación de voto séndolle negada pola Presidencia por non haber lugar dado que houbo intervencións no debate.

10.-(139).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTAR Á XUNTA DE GALICIA UN SISTEMA DE GRATUIDADE SOLIDARIA PARA OS LIBROS DE TEXTO DO ENSINO OBRIGATORIO. DOC. 90132935.

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Pido a retirada desta moción da orde do día, en primeiro lugar porque perdeu actualidade, presentouse no mes de setembro pasado e tiña por obxecto explicar e debater o programa de gratuidade de libros de texto pero ó abrirse o debate tres meses despois, vemos que xa non ten actualidade.

De todos os xeitos tamén é certo que a cuestión debateuse no mes de xullo a través dunha moción presentada polo BNG e por estas dúas razóns coidamos que non ten sentido volver debater este tema.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, retira a súa moción non sendo sometida a votación.

11- (140).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTAR Ó MINISTERIO DE XUSTIZA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA NOVA SECCIÓN DA AUDIENCIA PROVINCIAL EN VIGO. DOC. 90132938.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009 (Doc. 90132938), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“As dúas seccións da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede na nosa cidade atópanse desbordadas de traballo sendo as que máis tardan na tarefa de ditar sentenzas pola acumulación de traballo dado o número de asuntos, con atrasos de máis dun ano e medio tal e como denuncian os avogados e procuradores da cidade e os propios órganos xudiciais.

A crise aumenta a os litixios e polo tanto os recursos perante a Audiencia.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación inste ó Ministerio de Xustiza que á maior brevidade sexa posta en funcionamento na nosa cidade unha nova unidade xudicial consistente nunha nova Sección da Audiencia Provincial de Pontevedra con situación na cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: O que se pide nesta moción non deixa de ser outra cousa que recoller o que ven sendo unha reclamación dende as instancias xudiciais da nosa cidade, tanto de avogados, procuradores, como da propia xudicatura. Reclámase dende o ano 2005 a creación dunha nova Sección da Audiencia Provincial de Pontevedra na nosa cidade. Actualmente temos dúas. A Audiencia Provincial, en concreto a súa Sección Sexta atópase absolutamente colapsada, tárdase máis de dous anos en resolver as sentenzas dos asuntos civís e os profesionais prevén que no 2010 esta tardanza sexa de máis de tres anos. Din os xuristas que a xustiza non consiste só en resolver ben senón facelo a tempo. De nada lles vale ós cidadáns que se produza unha resolución xudicial ó seu favor cando tarda tres anos.

Nestes momentos é necesario que Vigo conte cunha nova Sección da Audiencia Provincial na nosa cidade. Xa se manifestou así pola banda da xudicatura cando un de cada tres xuíces en Vigo fixo folga no mes de febreiro, unha das reclamacións era precisamente a sección da Audiencia, á parte dos xulgados. Polo tanto entendemos que diante desta acumulación de traballo, dado o número de asuntos, o atraso existente e a reclamación a berros de toda a xudicatura é necesario que este Pleno da Corporación inste ó Ministerio de Xustiza a que o máis axiña sexa posta en funcionamento na nosa cidade unha nova unidade consistente nunha nova sección da Audiencia Provincial de Pontevedra con localización en Vigo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O que propón, Sr. Conde, non é novo. Lémbrolle que xa temos Rexistro e Xulgado do Mercantil e que se conseguiu sendo Alcalde-Presidente desta Corporación o socialista, D. Abel Caballero. Entendo que vostedes sigan a reclamar ó Ministro de Xustiza porque saben que o noso Alcalde ten fío directo co goberno de España e saben que ten capacidade para levar a cabo na nosa cidade todas aquelas reclamacións que os nosos cidadáns, neste

caso tamén os propios profesionais da xustiza, veñen demandando. Agradézolle que siga confiando no noso Alcalde e tamén na capacidade de resolución do goberno do Estado como se viu e se ve noutros temas,.

Coido que na súa moción falta algunha cousa como a de dicir que existe unha Comisión de Xustiza en Galicia composta pola Xunta e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que son quen propoñen ó Consello Xeral do Poder Xudicial o número de xulgados e onde teñen que ir, logo o Ministerio de Xustiza resolve. Esquécéselle ese paso previo.

Nós estamos de acordo non só con que se reclame o da Audiencia, senón que dos once máis dous que están propostos para Galicia, que veñan os once máis os dous para Vigo. Estamos totalmente de acordo, Sr. Conde.

Dígolle de novo que me alegro moito de que o Partido Popular crean e confíen na capacidade do Alcalde para resolver sempre os problemas e as carencias que ten esta cidade como neste caso vexo a través da súa moción.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Dende o Grupo municipal do BNG vese moi razoable a proposta aínda que quizais haxa dúas matizacións importantes que facer.

En primeiro lugar que todos sabemos o que nos custou obter a primeira Sección da Audiencia, foi un traballo arduo que comezou nunha comisión de Xustiza que se creou neste Concello da que formaba parte o goberno municipal co daquela Alcalde, D. Lois Pérez Castrillo, e o Decano dos propios xuíces da cidade. Entre todos os grupos municipais fomos quen de traer esa primeira Sección da Audiencia. Hoxe esa sección está desbordada, ten excesivo traballo e evidentemente hai que apostar por unha segunda Sección de tal xeito que todas as resolucións xudiciais que se tomen en Vigo poidan ser apeladas en Vigo a esa Sección de Audiencia. Polo tanto absolutamente de acordo e lembrar este primeiro asunto.

Hai unha segunda matización que comentaba tamén o compañeiro do Partido Socialista. Insisto en que hai unha Comisión a nivel de Galicia na que tamén participa a Xunta de Galicia; non sei se cabería algún tipo de emenda pero é importante e en todo caso quero deixar aquí constancia do feito que sería necesario que a propia Xunta de Galicia e esa comisión desen traslado desta

proposta que o Pleno do Concello acaba de facer e que entendo que imos todos votar a favor.

Polo tanto, darlle traslado tamén á Xunta de Galicia desta reclamación para que a faga chegar con máis forza e claridade ó Consello Xeral do Poder Xudicial e ó propio Ministerio de Xustiza.

SR. CONDE GIL: Eu non me fío do Alcalde, Sr. Rodríguez Díaz, non sei de onde o sacou vostede. Non temos Rexistro Mercantil na nosa cidade, temos unha Oficina do Rexistro Mercantil. Efectivamente temos Xulgado do Mercantil. Non sei quen foi quen reclamou insistentemente o Xulgado do Mercantil para aquí, coido que foi o Partido Popular. Temos Sección de Audiencia en Vigo e, Sr. Álvarez, corríxoo con todo o cariño porque son dúas Seccións as que temos nestes momentos e pedimos unha terceira. Se temos esas dúas Seccións da Audiencia, como temos os Xulgados do Contencioso-Administrativo sen ser capital de provincia, foi gracias ó goberno do Sr. Aznar.

Efectivamente eu dubido moito da liña directa co goberno de España, pero se vostede o di que o reclame e tamén llo pedimos á Comisión de Xustiza de Galicia. Agora ben, o Sr. Álvarez recoñeceu aquí unha cousa con toda a razón do mundo: esta moción non tiña que vir este Pleno. Poderíamos aforrármonos traer esta moción ó Pleno se a Comisión de Xustiza funcionara como debería antes do 30 de xullo do ano 2009 porque se aprobou neste Pleno. Incumprindo como ven sendo habitual, o Alcalde non convocou esta Comisión de Xustiza nin parece que se espere porque estamos no remate do ano e se tiña acordado neste Pleno que fose antes do 30 de xullo. Esta podería ser perfectamente unha petición desa comisión sen necesidade de traer esta moción a este Pleno. Esta e outras moitas porque a Comisión de Xustiza, coma ben dixo o Sr. Álvarez, funcionaba perfectamente, fixéronse as reclamacións no seu día e se poderían seguir facendo nestes momentos.

Esperamos que se sumen ó carro de pedir esta nova unidade xudicial moi necesaria porque para un cidadán estar agardando dous ou tres anos a que se dite unha resolución xudicial que pode ser ou non estimativa, dependendo da resolución, é un fastío para uns e outros, para quen está agardando a sentenza a

favor ou para quen poida ser condenado pola mesma.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Reitero o dito de que vostede confía no Alcalde e moi pouco na Xunta de Galicia porque esta si ten competencias en xustiza. Na súa segunda intervención dixo que tamén se lle podería pedir á Xunta. Confía moi pouco na Xunta e moito en que o Alcalde o poida conseguir porque, quen conseguiu a Oficina e o Xulgado do Mercantil? Foi o noso Alcalde nestes dous anos. Reitérolle polo tanto que vostede agarda moi pouco do goberno do seu partido na Xunta de Galicia e por iso acode aquí para solventalo.

Dixo que o Alcalde non cumpre pero este Alcalde cumpre en todo e nós non queremos furtar a posibilidade de que vostede poida traer a moción ó Pleno como están facendo. Polo tanto estamos encantados de debater esta moción aquí.

Son moi dados vostedes a mesturar as cousas, Sr. Conde. Cando non gobernaban vostedes na Xunta, todo era culpa da Xunta, o desemprego era culpa da Xunta e todo o que non funcionaba tamén porque se aveciñaban unhas eleccións. Agora semella que a Xunta non ten ningunha competencia, que non ten cartos para desenvolver políticas. Si que ten orzamentos o que non ten é capacidade e xa se está vendo iso mesmo nos orzamentos.

Por exemplo hoxe vemos nos medios de comunicación, dos que vostede lle gusta tanto falar, como reduce o 10% por alumno nas universidades galegas, ou como reduce en tres millóns de euros os orzamentos para prevención de riscos laborais e o que está a suceder é que hai máis accidentes mortais en Galicia e sobre iso teñen competencias o Sr. Rodríguez Feijóo e o Partido Popular e teñen cartos dos galegos para faceren esas políticas. Tamén é curiosamente en Galicia onde se está incrementando máis o desemprego, o Sr. Rodríguez Feijóo xa ten un 2,5% máis de parados ca media española e aínda así reduce cartos nas políticas activas de emprego.

Sr. Conde, iso é o que fan o seu partido e o Sr. Rodríguez Feijóo cos orzamentos, cos cartos de todos os galegos. Agora veñen vostedes aquí desviar os tiros como se a Xunta de Galicia non tivera competencias en xustiza cando hai unha Comisión de Xustiza que é a que lle propón xustamente ó Consello do Poder Xudicial e este propón ó Ministerio.

Non veñan aquí desviar a atención. A crise e o tema do desemprego tamén o ten que resolver en Galicia o Sr. Rodríguez Feijóo que dixo que en cen días nos ía sacar da crise. Claro que o Conselleiro tiña cartos nun paraíso fiscal que cobrou non se sabe moi ben por que, o problema non é por que os tiña senón en concepto de que os cobrou e xa non chegou saír nin elixido. Iso é o que ten que facer o Sr. Rodríguez Feijóo, empregar ós desempregados e desempregadas nesas cen días que xa leva nove meses e non o fai.

Reitero que estamos de acordo con que se solicite a Sección da Audiencia e non só iso, que se soliciten os once máis dous para Vigo, faltaría máis, pero que tamén se molle a Xunta de Galicia que para iso ten os cartos dos galegos, moitos cartos. Que faga uso deses cartos para atender todos os problemas dos cidadáns maioritariamente os de Vigo e que non se perda en querer facer unha fusión anti natura das caixas para ter o control.

SR. CONDE GIL: Non vou contestar todas as dispersións do Sr. Rodríguez porque nos levaría toda a mañá. O que está claro que é falso é que o Sr. Rodríguez Feijóo dixera que en cen días nos sacaría da crise. Aprenda a ler porque ó principio parecía que os que non sabiamos ler eramos nós pero coído que son outros os que non saben ler.

Aquí estábamos falando dunha cousa en concreto que era o xulgado. O Sr. Álvarez introduciu un tema moi interesante e que me gustou especialmente porque eu presentei a moción como é o tema da Comisión de Xustiza que co nacionalista, Sr. Pérez Castrillo, funcionaba e reclamáronse unidades xudiciais dende o Concello e co Sr. Caballero, debe ser porque ten liña directa como di vostede co Ministro, non necesita escoitarnos ós demais, non necesita a Comisión malia seren aprobada no Pleno por unanimidade e de comprometerse a que antes do remate do mes de xullo de 2009 ía estar en funcionamento. O caso é que case estamos ó 30 de decembro e a Comisión de Xustiza non está en marcha, nin sequera está constituída. Logo nos reunimos co Decano dos xuíces e facemos manifestacións coma as que fixo o Sr. Alcalde que non se corresponden en absoluto co tratado na reunión, cousa que tamén é curiosa pero da que falaremos no seu momento.

Cremos que un tema coma este, se ben é bo que o Pleno o debata, coa Comisión de Xustiza axilizaríamos o tema, poderíamos traer outras mocións semellantes e podería ser a propia Comisión de Xustiza do Concello de Vigo a que elevase este pedimento que facemos ó Ministro de Xustiza do goberno do Reino de España, Ministro de Xustiza que é o competente neste caso para nos dar esta unidade xudicial.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, votaremos pero a competencia non a ten.

Votamos o punto undécimo: “Moción do Grupo municipal do Partido Popular de instar ó Ministerio de Xustiza a posta en funcionamento dunha nova sección da Audiencia Provincial en Vigo”, que vai contra as leis básicas deste Estado.

É así laméntoo moito pero non ten a competencia o Ministerio. É unha decisión política pero non ten a competencia, a competencia tena quen a ten e vostede que é xurista sábeo.

(Está ausente o concelleiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, relativa a instar ó Ministerio de Xustiza a posta en funcionamento dunha nova sección da Audiencia Provincial en Vigo.

12.- (141).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO O INCREMENTO NO PRÓXIMO ORZAMENTO DO 0,3% EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL. DOC. 90132939.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009 (Doc. 90132939), a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

S. Ordinaria 28.12.09

“No pacto de Estado contra a pobreza, as diferentes forzas políticas comprometéronse en acadar unha cooperación de calidade e cun financiamento suficiente para cumprir as súas metas.

O informe 2009 da ONU, respecto aos obxectivos de desenvolvemento do Milenio, estima que entre 55 e 90 milleiros de persoas máis co previsto antes da crise, estarán vivindo en condicións de pobreza extrema. A fame, o Sida, o falecemento na maternidade, a mortalidade infantil, obrigan a favorecer o diálogo, a coordinación e a concertación nas administracións para chegar á súa erradicación.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

Incrementar o 0,3% en cooperación internacional no vindeiro orzamento do 2010.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Vimos aquí defender e apoiar o pacto de Estado contra a pobreza que as diferentes forzas políticas asinamos o 19 de decembro de 2007 en Madrid.

A política de Vigo no ámbito da cooperación debe ter unha orientación dirixida a acadar os obxectivos do desenvolvemento do milenio e a erradicación da pobreza; garantir de xeito eficaz o impacto da axuda oficial ó desenvolvemento: cumprir os compromisos internacionais; apostar pola democracia coma condición indispensable para o desenvolvemento e respecto dos dereitos humanos: recoñecer o papel das organizacións sociais como actores relevantes na política de cooperación e loita contra a exclusión social; converter a política de loita contra a pobreza nunha política de cidade non condicionada por intereses comerciais; políticos nin económicos do goberno que estea nese momento actuando; fomentar a educación para o desenvolvemento; manter unha política de transparencia informativa dirixida á poboación viguesa; canalizar os fondos cara ós que máis o necesitan, as poboacións empobrecidas, dando prioridade ás necesidades sociais básicas: a educación, a saúde, a saúde demográfica e reprodutiva, o acceso á auga potable e saneamento básico.

Por todo iso solicitamos incrementar nun 0,3% o orzamento en materia internacional nos próximos orzamentos municipais.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Decía a Sra. Míguez que temos que ter unha política de cidade en cooperación internacional e niso coincidimos plenamente. Tanto é así que dende que está este goberno e concretamente dende que a min me toca dirixir a Concellería de Benestar Social que ten a competencia sobre cooperación internacional, incrementamos un 100% o orzamento que tiñamos. Para seren máis claros, tiñamos exactamente no ano 2007 no que chegamos 63.000 euros para cooperación internacional e nos orzamentos do 2010 van ir exactamente 120.000 euros. Como comprenderá iso é exactamente o 100%.

Pero non só nos dedicamos a aumentar os orzamentos, senón que dalgún xeito activamos a cooperación internacional en todos os terreos dende que Vigo forma parte da executiva do Fondo Galego de Cooperación Internacional. Non só iso senón que somos o Concello que máis aporta a ese Fondo, o que non quere dicir que sexamos o primeiro Concello en cooperación porque hai outros en Galicia que dan máis ca nós, non para o Fondo senón en xeral para cooperación.

Estamos no camiño de acadar ser os primeiros pero nos atopamos cun hándicap: que o Concello de Vigo era o último en cooperación internacional porque dende o ano 2002 non se incrementaron nin un só euro os orzamentos de cooperación internacional ata o ano 2007. É dicir, durante o goberno da Sra. Porro non se incrementou nin un só euro para a cooperación internacional, das grandes cidades e en termos relativos o Concello de Vigo era o último en aportar para cooperación.

Pero non só iso porque nós si cremos na política de participación e o Consello Municipal de Cooperación que nunca se reunira dende o ano 2002 que o reuniu por última vez quen daquela tiña as competencias que era o actual Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez, non se volveu reunir nin unha soa vez máis, ata chegar a finais de 2007 porque xa o convocamos nós. En todos eses anos existía o Consello Municipal de Cooperación pero vostedes non tiveron a ben reunilo nin unha soa vez e aí están os datos, as datas e as actas que así o demostran. Tivemos que poñer en funcionamento novamente os estatutos porque estaban

obsoletos e tivemos que aprobalos e a data de hoxe, dende que nós estamos no goberno xa tivemos tres reunións e teremos a próxima o mes de xaneiro.

Ademais fomos quen de consensuar coas propias asociacións de cooperación a posta en marcha de subvencións para políticas de sensibilización coa cooperación para toda a cidadanía que tamén desapareceran deste Concello.

Por primeira vez houbo orzamentos, foron 30.000 euros dedicados á sensibilización e cooperación e fíxose unha campaña, que por certo aproveito para os invitar xa que mañá precisamente hai unha conferencia da persoa que máis sabe neste Estado sobre cooperación internacional no Centro Social Caixanova ás 8 da tarde. Iso faise pola subvención da Concellería de Benestar Social.

Pero como non abondou con iso e coidamos que era pouco, hoxe ou mañá porase en marcha toda unha campaña de sensibilización coa cooperación que se poderá ver en cuñas radiofónicas, dípticos e mupis. Estes dípticos, Sra. García, non é propaganda coma escoitaba por aí, é sensibilización. Non me dirá que son propaganda os avisos sobre a gripe A, porque entón, Sra. Muñoz, iso é propaganda da Xunta sobre a gripe A. Vostedes gastan en propaganda, nós gastamos en sensibilización.

Todo iso fíxoo este Concello e vai seguir facendo máis. Eu diríalle á Sra. García que a ver se é certo que a Xunta de Galicia fai tanto coma estamos a facer neste Concello e imos seguir facendo máis.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O incremento non é dun 100%, Sra. Méndez, Estabamos a falar do ano 2007 cando había 63.000 euros no orzamento para cooperación, actualmente era de 74.000 euros e incrementouno con esa campaña de sensibilización da que tanto presume pero que non se consensuou con todas as asociacións.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Está dando mal os datos, vaia ós orzamentos.

A PRESIDENCIA: Sra. Méndez, terá novamente a súa quenda despois.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Non sabemos que cantidade imos ter nos orzamentos de 2010 en materia de cooperación, se vostede di que son 120.000 euros entón está a incumprir unha promesa que tiña o 23 de abril de 2008 con todas as organizacións que pertencen a este Concello e leo a seguinte noticia: “O 23 de abril de 2008 o Alcalde, Abel Caballero e María Méndez comprometéronse diante dunha proposta de mínimos a destinar un 0,3% do orzamento en cooperación”. Esta é unha promesa de seu que non é nosa, nós vimos reclamar que despois dun ano non se fixera efectiva e semella que tampouco se vai facer no ano 2010. Claro que activan o Fondo Galego de Cooperación, en troques de xestionar o noso propio Concello todo o diñeiro para que a cooperación internacional sexa real, efectiva e *in situ*, que se poida traballar no lugar de orixe, dállo ó Fondo Galego de Cooperación e isto ven un pouco na liña da súa política de traballo con afíns ó BNG.

Exactamente o mesmo pasa co sectarismo ó que nos teñen acostumados. En todas as reunións que se realizaron no Consello de Cooperación vostede empeñouse en utilizar a lingua galega cando as queixas son constantes por parte dos representantes de todas as organizacións porque non a entenden ó falaren. Vostede utiliza aí o seu sectarismo e a súa forma de facer política por riba das necesidades das persoas que veñen de fóra e que necesitan entenderlle para poder mellorar as súas condicións de vida, pero vostede se empeña en falar en galego; mesmo houbo un representante dunha organización que se comunicou con vostede en inglés.

En “Axuda ó terceiro mundo” no orzamento do ano 2005 a Sra. Porro destinaba 72.000 euros, se vostede destina este ano 74.000 non me parece un incremento do 100% por moito que vostede presuma diso, non é real.

O seu compromiso é do 0,3%. Se un compromiso do ano 2008 non o fixo efectivo no ano 2009, pedímoslle que por favor para o ano 2010 o teñan en conta.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Con todos os respectos, coido que a Sra. Míguez é de letras. Eu teño a sorte de seren de ciencias ou polo menos de humanística e entón se quere lle dou clases de matemáticas porque é moi descarado o que están a facer cos orzamentos. Hai un orzamento de 2005 da Sra. Porro no que

vostedes poñen exactamente 63.940 euros para cooperación internacional e hai outro orzamento do ano 2009 deste Concello no que se poñen exactamente 100.000 euros en cooperación internacional ós que habería que engadir os 23.000 euros que se lles deron ós nenos saharauis máis 10.000 que se puxeron por riba, é dicir, 33.000 euros, o que nos daría un total de 133.000 euros.

Coma eu son coherente e transparente non conto iso como cooperación internacional porque na partida de Cooperación Internacional van exactamente 100.000 euros no ano 2009 dos que 70.000 euros foron para o Fondo Galego de Cooperación Internacional e 30.000 para as ONGs para sensibilización no eido local.

Sra. Míguez, non queren que entreguemos a partida ó Fondo Galego de Cooperación Internacional que a destina a proxectos internacionais porque vostedes están acostumados a dar 2.000 euros por aquí e 2.000 euros por alá para ter afíns ó PP. As ONGs que hoxe non responderon á súa chamada de que estiveran aquí presentes para aplaudir a súa moción o que queren e telas comendo da súa man. Nós non, nós pactamos con elas nun Consello Municipal de Cooperación no que vostede estaba presente a concesión das axudas e foron con toda a transparencia. Como non deron destinado todas as axudas, vaise utilizar parte desa cantidade nunha campaña pactada de sensibilización porque as ONGs non utilizaron todas as axudas que se lles deron. Esa é a transparencia.

Sra. Míguez, xa quixéramos darlle esa partida ós nosos afíns. Neste momento 103 concellos forman parte do Fondo Galego de Cooperación Internacional, de verdade que ó BNG encantaríalle que 103 concellos foran os nosos afíns ou do BNG porque daquela vostedes nin na oposición estarían.

Sr. Alcalde, tiña todo preparado para que nesta segunda parte os medios de comunicación coñezan exactamente o que fai a Xunta de Galicia do Partido Popular en cooperación internacional e é precisamente a Coordinadora Galega de ONGs a prol da cooperación. Este documento mandáronmo as propias ONGs para que o defendera en contra da súa moción, polo dicir dalgún xeito. Este documento trata da cooperación ó desenvolvemento no proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. Titúlase: “A cooperación galega no lusco e fusco da crise”.

Voulle dar só uns poucos de datos que me reservaba para que vostedes presenten esta mesma moción que presentan aquí ós seus compañeiros da Xunta de Galicia. Leo literalmente: “Nunha primeira valoración xeral os orzamentos da “austeridade”, cun descenso global nos gastos da Xunta de Galicia do 0,4 con respecto ós orzamentos do ano 2009 van ter un impacto claro e definido no encrequenamento unha vez máis da cooperación ó desenvolvemento da nosa comunidade autónoma. Como denunciámos publicamente a Coordinadora Galega, existe unha ausencia dunha decidida aposta pola cooperación. Así nestes momentos na Xunta de Galicia deixa de ser unha Dirección Xeral para convertela nunha Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro da Dirección Xeral de Relacións á Cooperación. Isto vai en contra non só das promesas do Sr. Núñez Feijóo á cooperación galega porque nestes momentos o orzamento baixou a niveis anteriores ó 2001”.

Léolle literalmente: “Descenso dos orzamentos en cooperación internacional 1.916.000 euros”. Baixaron respecto ós orzamentos de 2010, 1.916.000 euros.

Estes son datos Sra. García. No ano 2005: 6.198.000 euros en cooperación internacional pola Xunta de Galicia. Datos de 2009, último ano do goberno bipartito: 12.047.000 euros. Datos de 2010: 9.748.000 euros, baixaron vostedes tres millóns de euros, un 25% en cooperación internacional respecto ó exercicio de 2009 e veñen este Concello pedir que aumentemos un 0,3% cando sabemos o momento polo que estamos pasando. Nós, este goberno na Concellería de Benestar Social cara ó 2010 aumentou nada máis nin nada menos que un 20% máis ca o ano pasado e vostedes reducen un 25% na Xunta.

Este é o compromiso do Sr. Núñez Feijóo? Resulta que o compromiso foi do 0,4% e baixaron este ano un 25%. Esta é a realidade dos datos que dun xeito claro di exactamente cales son as políticas do Partido Popular. Di literalmente este documento: “O ano 2009 pódese considerar un “*anus horribilis*” da cooperación internacional. Do orzamento presentado en febreiro de 2009 pola Xunta do bipartito detraéronse 3.263.888 euros, un 25% menos”.

Isto é o que fai a Xunta do Partido Popular e atrévese neste Concello, onde por primeira vez se aposta pola cooperación internacional, que é certo e xa lle digo agora que non imos acadar o 0,3% aínda que imos seguir poñendo todo o esforzo

do mundo, pero a Xunta de Galicia baixou un 25% e o orzamento que dedica a cooperación é dun 0,086%, cando no goberno bipartito acadouse un 0,1%.

Esta é a realidade. Non imos cumprir esa promesa, non se trata de cumprir a promesa no momento no que estamos, pero a Concellería de Benestar Social e este goberno municipal imos tentar por todos os medios acadar o 0,3%. Pensamos que van vir tempos mellores e ímolo acadar pero xa lle anuncio que imos votar na contra da súa moción por demagóxica e pola política que vostedes están a facer na Xunta de Galicia.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Segue sorprendéndonos porque si houbo un compromiso, reuníme con numerosos representantes de asociacións, sobre todo co Foro Social de Galicia Sur, e todos eles manifestáronme a falta de acordo. Non estou falando da Xunta de Galicia, estamos a falar do Concello de Vigo. Coido que é importante que cada quen asuma as súas responsabilidades. Vostede é a encargada de xestionar o orzamento en materia de benestar social e de decidir onde vai o diñeiro e por aí vai a nosa petición.

Quizais tamén deberíamos dicir que o goberno central elimina 300 millóns de euros para o Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, quizais a redución do orzamento estatal en materia de cooperación internacional teña algo que ver coa redución orzamentaria da que vostede fala, pero non ten nada que ver co Concello de Vigo porque actualmente ten diñeiro, estase dedicando todo o diñeiro do Plan E a cambiar beirarrúas en troques de pensaren nas persoas. É curioso que non só as persoas de fóra, dos países máis empobrecidos, senón que tamén as de nosa cidade coñecen moi ben as carencias, os atrasos e as deficiencias que ten dentro da súa concellería.

Malia que me insulte e que nos chame "*chanchulleiros*" e mentireiros no Pleno no que tratamos sobre o Servizo de Axuda no Fogar, está por escrito que nos chama mentireiros, "*chanchulleiros*", que se non sei sumar..., non vou entrar nese discurso de insultos reiterados. Nos países en desenvolvemento 60 millóns de nenos van famentos á escola, pero é que isto está pasando tamén no noso Concello e os atrasos que hai a nivel municipal son enormes.

Si que debe tomar en consideración as carencias do noso Concello e tamén en

cooperación internacional porque o Concello de Vigo está entre os menos solidarios de España segundo as ONGs. Concellos como Vitoria, Pamplona, Burgos, Gijón, Córdoba destinan un 0,8% e un 0,7% do seu orzamento en materia de cooperación internacional, no Concello de Vigo non chegamos ó 0,02% e o seu compromiso e o do Alcalde de Vigo con respecto a ese incremento está claro. Solicitamos novamente que ese incremento se teña en conta para o orzamento do 2010.

(Esta ausente o Sr. Domínguez Olveira do Grupo do BNG)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, solicitando o incremento no próximo orzamento do 0,3% en cooperación internacional, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (142).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á AMPLIACIÓN DAS FRECUENCIAS DA LIÑA DE VITRASA NÚM. 281. DOC. 90132940.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de

setembro de 2009 (Doc. 90132929), o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Na actualidade o servizo de Vitrasa destina a liña número 28 ao traxecto Berbés-San Esteban de Negros, termo municipal de Redondela e remate do termo municipal de Vigo da estrada nacional nº 550 que vai dende as inmediacións do Aeroporto ao citado municipio de Redondela.

Tendo en conta que na actualidade nesa estrada e de maneira particular nos quilómetros que corresponden ao municipio de Vigo existe a implantación de numerosas empresas de distintos ramos así como os servizos complementarios a estes núcleos industriais de cafeterías e restaurantes, e sendo insuficiente a única liña en servizo do autobús urbano, sería desexable a ampliación de frecuencias do autobús.

Os veciños, veciñas e traballadores da zona nos fan chegar esta demanda que podería ter solución se a vontade do Goberno Municipal así o considerase.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a seguinte proposta:

Ampliar as frecuencias da liña do Vitrasa nº 28, (Berbés-San Esteban de Negros), que pasa pola estrada nacional 550 ata o termo municipal de San Esteban de Negros.”

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Na actualidade VITRASA destina a liña 28 a unir os puntos de Berbés e San Esteban de Negros, como saben termo municipal de Redondela. Esta liña remata na estrada nacional 550 no termo municipal de Vigo. Como saben nestes últimos anos alí se asentaron unha serie de empresas que están dinamizando ese núcleo rural e ó mesmo tempo levan consigo unha serie de servizos anexos como son restaurantes, cafeterías, etc. A través de contactos cos veciños e veciñas do contorno recibimos a suxestión e a petición de que o servizo municipal de VITRASA aumente as frecuencias, que xa tiñan sido aumentadas no ano 2005 cando gobernaba o Partido Popular, dando servizo tamén a unha residencia de discapacitados da zona.

Proponse ampliar as frecuencias da liña do Vitrasa nº 28 (Berbés-San Esteban de

Negros) que pasa pola estrada nacional 550 ata o termo municipal de San Esteban de Negros.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sei que o Sr. Coello adóitase enfadar cando teño estas intervencións, pero coido que ten que modificar algo o texto porque está incluíndo un concello máis, xa somos 8.101 en España e 316 en Galicia como para que vostede consagre un novo termo municipal que se chama San Esteban de Negros que como vostede sabe moi ven pertence ó Concello de Redondela. Á parte diso quero aplaudir que o Partido Popular se preocupe pola frecuencia das liñas de Vitrasa.

Saben moi ben que este goberno está empeñado en facer unha profunda reestruturación do transporte público en Vigo, practicamente están rematando os seus estudos de campo para poder facer esa presentación de xeito que todos os vigueses os coñezan, vou falar con todo tipo de asociacións para que dean as súas opinións a respecto do que resulte dese estudo e pode ter a completa seguridade que dun dos eixos fundamentais desa profunda transformación do transporte público en Vigo vai ser o aumento de frecuencias nas liñas existentes, algunhas haberá que modificalas, facer novas liñas e dar un salto de calidade como nunca se coñeceu neste Concello e que eu espero que sexa realidade no tempo máis breve posible.

Aplaudo esa posición de pedir máis frecuencias pero me vai permitir que lle diga que ten un ollo fabuloso e non se me enfade. Precisamente o que me sorprende é que escolla a liña de todas as existentes que ten menos pasaxeiros por quilómetro, 0,92 en días laborables, comparte ese primeiro posto coa liña 14 que ten a mesma frecuencia de viaxeiros. Sorprendeume tanto que onte fun ver o percorrido da liña e por certo, fíxoseme tarde e tíveno que interromper e por iso esta mañá cheguei tarde ó Pleno. Como corresponde á miña responsabilidade de concelleiro de Seguridade eu estaba aquí ás oito da mañá para precisamente expoñer o que aconteceu esta noite co problema da alerta laranxa e o que todos sabemos que aconteceu cos ventos importantes que tivemos na cidade. Comenteille ós meus compañeiros que tiña que rematar unha pescuda, o seguimento de todo o percorrido desa liña porque onte a noite a verdade é que

me perdía polo monte.

Quero explicar a todos os vigueses porque iso vai contribuír a que teñamos un maior orgullo do noso transporte público aínda sen reformar, porque a liña fai este percorrido que quero detallar xa que coido que é moi interesante e que o clarea moito e de paso reivindico o transporte público en Vigo que aínda coma está é fenomenal.

Empeza esta liña en San Esteban de Negros, Concello de Redondela; para os que non coñezan ben o lugar, máis ou menos onde empezaron as tuneladoras en Maceiras. Percorre San Esteban e a parroquia de Vilar nun tramo de ó redor de un pouco máis de cinco quilómetros pertencentes ó Concello de Redondela para chegar ó aeroporto. Dende a avenida do Aeroporto cun percorrido dun quilómetro e pico chegamos ó cruzamento da Rinxela, debaixo dun dos pasaxes da autoestrada no tramo do aeroporto. Nese cruzamento fai un percorrido de 4,5 quilómetros subindo pola Rabadeira cara o monte Vixiador e aí foi onde me perdín onte á noite. Chegamos ó cemiterio novo de Candeán que é un servizo importante; logo nos metemos de novo cara Redondela evidentemente a cumprir un servizo importante coma é atender o centro de diminuídos psíquicos que xa está no Concello de Redondela e percorremos dous quilómetros ata chegar á Lamosa que quizais a xente o coñeza mellor como San Vicente de Trasmañó. Eses dous quilómetros logo se fan de volta por uns camiños realmente sorprendentes e chegamos ó cemiterio de Candeán. Pasamos 1,5 quilómetro case para chegar ó Zoo; por alí non vai pola zona máis habitada porque é unha liña que precisamente pretende recoller casas que están maiormente diseminadas e dende o Zoo percorre aproximadamente tres quilómetros tamén medio polo monte, atravesando un novo tramo de autoestrada que vai por riba do aeroporto e entramos en Sampaio onde evidente xa hai moitos habitantes e dende alí xa nos metemos no tramo máis urbano, cara a avenida do Aeroporto, Jenaro de la Fuente, Travesía de Vigo, Pizarro, Praza de España, etc., ata Bouzas.

Do que eu percorrín polo Concello de Redondela, eses sitios teñen que ser atendidos e de seguro que na reorganización posiblemente metamos máis frecuencias, pero nun intre que sabemos que a empresa ten moitos problemas porque supera o número de quilómetros que lle marca a concesión e é algo que

teremos que negociar, que escolla precisamente a liña que atende a menos pasaxeiros de xeito que non chega nin a un pasaxeiro por quilómetro, paréceme que é realmente sorprendente e por iso lle digo que obviamente na situación actual non podemos atender esta petición porque cremos que en todo caso sería moito máis razoable facelo en todas as demais liñas que ten o transporte público de Vitrasa.

SR. COELLO BUFILL: Alégrome de verdade que o transporte estea fenomenal porque o deixamos nós e vostede acaba de dicir que sente orgullo do transporte. Pois deixámolo nós porque aínda non modificou ningunha liña, están en proxecto. Pasaron xa uns cantos anos e non fixo esa modificación que será unha ledicia pero entrementres aínda non a temos, xa hai uns meses ensinou aquí un proxecto que tiña e dicía que xa estaba, pois a ver se dunha vez temos ese proxecto enriba da mesa porque eu non o coñezo.

Di que aínda o percorreu onte a noite, tal coma estaba o día vostede perdeuse polo monte. Tíñao ben fácil, por que non colleu o Vitrasa? Sería o lóxico para ver cando remata, en que paradas pasa e non se perdería porque os condutores e condutoras de Vitrasa son fenomenais.

Eu xa estaba preocupado por esta moción pero cando leo a orde do día vexo que dan conta dunha ausencia, evidentemente legal, pero parece que vostede non sei de onde viño pero loxicamente tivo que saír onte porque non lle deu tempo. Sabe de cando está asinada esta moción? Do 16 de setembro e vostede pide desculpas porque chegou tarde. Tivo tempo para ver, viaxar, volver... pero coa dedicación exclusiva, entrando e saíndo e loxicamente asinando o Sr. Alcalde as súas ausencias legais por suposto, chegan un pouco tarde as súas explicacións.

O transporte está magnificamente ben pero deixámolo nós. Anúncianos que ten ese proxecto e que o vai presentar. Ese proxecto leva xa moito tempo e vostede sábeo, aceptouno e está incompleto e de momento non o pode presentar. Vostede sempre trata de meterme o dedo no ollo pero non se preocupe que eu sigo igual. Saben os medios de comunicación pero ó mellor os seus compañeiros non que no transporte neste ano vai perder preto de 600.000 usuarios, coido que é un número importante e non me estraña que o Sr. Alcalde estea preocupado

porque o outro día na Comisión Sectorial o xerente de Vitrasa dixo textualmente “Foi un *anus horribilus* para Vitrasa”.

Isto quere dicir que ó mellor vostede non fixo ben os deberes, tiña que ter un pouco máis de humildade nese sentido porque perder máis de medio millón de usuarios ten uns danos colaterais. Entendo que son as obras, ó mellor foi a crise pero resulta que coa crise tamén subimos os bonos e os billetes ordinarios. O transporte público colectivo é unha das cousas que máis vertebra os territorios, tamén o emprego, a vivenda, pero o transporte público é unha forma de vertebrar á sociedade porque posiblemente nesas casas que están por aí espaxadas non as imos cambiar e a cidade, que é das máis bonitas de España polo aspecto rural que ten, haberá que achegala a ese rural con máis frecuencias que o que pide o meu grupo e ó que tratamos de chegar.

Quero lembrarlle que os señores que se sentan na bancada de arriba fixeron moito polo transporte nesta cidade e eu lembro ó concelleiro Xoaquín de Acosta que deixou un transporte que nós collemos en boas condicións e subimos a curva ascendente de usuarios en varios millóns e vostede foi o artífice que baixou esa cifra. Esa é a balanza, había máis e agora hai menos e loxicamente Vitrasa quéixase.

Eu non propuxen nunca neste Pleno cambiar o contrato que vostede xa está anunciando, o prezo coche/quilómetro, porque eu velo polos intereses de Vitrasa e vostede xa anuncia que haberá que mirar a concesión porque Vitrasa está a facer moitos máis quilómetros dos actuais. O contrato é a risco e ventura, asinado polo Concello de Vigo e agora vostede anúncianos que hai que cambialo. Pois xa lle digo que imos defender os intereses deste Concello coa cabeza ben alta e decátese vostede e todos os que ocupan esas dúas bancadas que imos dicir rotundamente que non porque cando se xestiona ben e ten a axuda e a colaboración da Corporación e do grupo de goberno, soben máis usuarios ó autobús.

En varias ocasións pedinlle que por favor tomara medidas alternativas porque sabiamos que estaba baixando moita xente do autobús porque pola contra en época de crise hai que coller o transporte colectivo porque o vehículo particular cústanos moito máis caro e tárdase máis en chegar á cidade. Resulta que aquí

cambiose o esquema. Non coñezo ningunha cidade de Galicia ou de España en que o transporte colectivo urbano estea a baixar.

Coido que vostede neste tempo non se adicou a xestionar. Fala de calidade pero a calidade deixámola fenomenal, son as súas verbas. Deixamos as marquesiñas, vostede dubidou delas e o Sr. Alcalde dixo que eran as mellores feitas cun modelo de Norman Foster, están agora por toda a cidade e dan servizo ós nosos cidadáns.

Pensaba que esta moción pasaría cun espírito máis do Nadal e que vostede levaría alegría a eses cidadáns que nos piden ese transporte como en moitas zonas de Vigo. O estudo teno vostede, eu fágome partícipe dunha mínima parte. Eses cidadáns deben ser cidadáns de primeira para o transporte pero resulta que ó mellor son de terceira ou de cuarta, estamos a falar do AVE e non somos quen de levar o noso transporte municipal a uns quilómetros de aquí. Será magnífico que o AVE chegue a esta cidade, canto antes mellor e todos aplaudiremos, pero faga chegar o transporte o máis preto posible dos cidadáns que o que queren é non se ter que rascar o peto cada vez que soben ó vehículo colectivo ou que cada vez teñan máis frecuencias. Esa é a calidade de vida dos cidadáns, dos que viven aquí. Ó mellor esas persoas non teñen outro medio de comunicación e para vir ó médico, para ir a outras zonas teñen que vir ó centro da cidade.

Diga o que queira pero con máis humildade. Se vostede me contestara que non é posible pero... Pero vostede faino sempre, perdoe que llo diga pero o cualificativo é con soberbia. Coido que en política hai que ser humilde e ó mellor a eses cidadáns que pagan os seus impostos en Vigo, dariámoslles unha grande alegría se tivésemos unha frecuencia máis axeitada. Se non é posible non o é pero dígao con máis humildade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sabía que se ía enfadar pero cando eu lin o texto da moción non daba crédito porque de verdade que para escoller a liña que ten menor número de viaxeiros de todas as liñas de VITRASA, xa hai que facer oposicións para iso.

Sabe vostede que esta moción entrou a última hora porque se retirou unha anterior e por iso tiven que facer isto esta fin de semana, senón o faría no

autobús porque ademais eu viaxo con relativa frecuencia no autobús aínda que non todo o que querería porque é un medio que me gusta moito.

Pero o fundamental do tema é que sinxelamente non daba crédito porque se trata de que en todo caso a oposición teña unha certa responsabilidade. Eu sei que hai moitas peticións de veciños, que hai moitas cousas que facer e moito que mellorar o transporte público de VITRASA, pero hai que graduar esas peticións e na medida do posible tomar as decisións que máis poden resolver e non tratar a última que en realidade é a que vostede presenta.

Non esqueza que si hai modificacións de liñas dende que estamos neste goberno ademais algunha moi importante como a da liña dende a Praza da Industria ata o Meixoeiro para cubrir e mellorar o servizo ata ese hospital; a do Parque Tecnolóxico de Valladares para que poidan ir os traballadores á hora de entrada. Pero vostede tamén coñece que o que si se pode facer cunha concesión que obviamente está superada porque en principio non se lle pode esixir que teña máis vehículos ou máis condutores dos actuais porque está marcado no contrato. Cando o que se presenta é dar un salto de calidade de verdade vai haber un salto no número de autobuses, cousa á que non están obrigados polo actual contrato. Precisamente por iso se trata de poñer as maiores melloras posibles e vostede sabe que por exemplo este ano cubrimos unha demanda histórica dende hai moitos anos e así o autobús dentro de dous meses vai chegar ó lugar de Presas en Beade. Aínda quedan moitas reivindicacións que agardamos poder atender na medida do posible con esa reestruturación. Outra mellora que imos poñer en marcha este ano é a de dobrar a frecuencia do autobús da liña 10 que ten unha frecuencia dunha hora e que pasará cada media hora.

Xa non quero insistir máis nesas cuestións concretas porque en todo caso o que si me preocupa moito é deixar perfectamente claro o tema da baixa do número de pasaxeiros no transporte público.

En Vigo a diminución do transporte público foi neste ano dun 2,83%. No mesmo tipo de vehículos, autobuses urbanos nas cidades en España esa diminución foi dun 3,5% e iso é fundamentalmente pola crise porque evidentemente se viaxa menos no vehículo privado pero tamén no transporte público. Aínda hai pouco lin nalgún medio que a diminución do transporte público neste caso non afectaron

as obras. Nos metros de Madrid e Barcelona é dun 9 e dun 7%, iso no metro que non está afectado por ningún tipo de obras. Iso fundamentalmente é a crise. Quero salientar iso porque sei que é moi cómodo botarlle la culpa ás obras cando en realidade iso é falso. O fundamental é a crise porque se hai unha cidade na que houbo obras esa é Vigo e a diminución de pasaxeiros foi moito menor que noutras cidades de España.

A maior suba de pasaxeiros que se deu en VITRASA foi do 2007 ó 2008, estando xa este goberno, case acadamos vinte e un millóns e medio de pasaxeiros como vostede sabe. Coido que algo terá que ver este goberno. Que este ano houbera esa diminución de pasaxeiros se explica fundamentalmente pola crise económica e algunhas cuestións locais coma a folga do metal que vostede lembrará perfectamente ou algunha outra circunstancia relativa á meteoroloxía.

É rotundamente falso que en Vigo baixe o número de pasaxeiros, é máis, eu díxenlle repetidas veces e demostreino con números que de non ter tomada vostedes a medida da gratuidade dos pensionistas un e dous nun determinado momento descendería claramente o número de pasaxeiros e sospeito xa por que o fixeron. Se aumentou foi porque en efecto, gracias a esa gratuidade se dobrou e triplicou o número, foi iso que eu chamaba “bola de neve” e que vostede non sabe utilizar porque aumentou en “bola de neve” o número de viaxeiros.

Por certo, que pagamos dende o Concello, a empresa recibe íntegro o importe do billete e por iso pasamos a contar no orzamento máis de nove millóns e medio, superamos en máis de dous millóns o orzamento que vostedes lle dedicaban e se lle quitamos ese dobre ou triplo do número de pasaxeiros, as cifras durante o seu mandato descenderían todos os anos. Non sei se ó mellor resulta que a decisión non era tanto unha preocupación social senón poder matizar as cifras do transporte público que vostede comentaba.

Unha última anécdota que me preocupa enormemente. Os medios de comunicación que teñen memoria e que viviron tamén o goberno anterior saben que se alguén se destacou porque o contrato do mobiliario público urbano fora o máis libre e transparente e que puideran participar todas as empresas foi o Grupo municipal Socialista, en concreto quen lles está falando que precisamente tratou de evitar que vostedes excluían na contratación á empresa das

marquesiñas de Norman Foster da que tanto presumen agora. Non me quero pasar pero o teño claro, vostedes tiñan o tema xa perfectamente orientado. Ó final tiveron que meterse aquilo no peto, deixar participar e que gañara a mellor empresa das que se presentou.

Por certo, unha das primeiras sorpresas foi que vostede asinou nos últimos días, cando xa vostedes realmente tiñan que estar preparando o cambio, a posibilidade de que en troques de que a parte fundamental da estrutura fora de aceiro inoxidable fora aceiro pintado e iso lembrarao dos primeiros plenos.

Para rematar o máis importante que é o firme compromiso de dar ese salto. Sorpréndeme que falen como falan cando saben que sen unha modificación, sen un acordo, sen unha negociación coa empresa non se pode dar o salto de calidade que realmente pretendemos. Non queremos mellorar a frecuencia dalgunha liña, queremos mellorar a totalidade do transporte público en Vigo e obviamente iso só se fai con seriedade. Por iso estamos tardando o tempo que precisemos porque queremos facer ese estudo con absoluta seriedade para que o resultado sexa que os veciños de Vigo si dispoñan dun fenomenal transporte público porque bo xa o teñen.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, xa saíu o coello da chistera. Quérolle dicir ós medios de comunicación ben claro que o coello é o prezo coche/quilómetro, cambiar o contrato que ten na actualidade VITRASA que é a risco e ventura, fagan os quilómetros que fagan, por quilómetro rodado. Eu non saquei o tema, sacouno o Sr. Calviño, díxoo na súa anterior intervención e ás actas remítome. Dígolle ós medios de comunicación que teñen a paciencia de nos seguir nestes Plenos que iso é o máis importante deste debate entre o concelleiro que governa e o ex concelleiro que está na oposición: a modificación do contrato de VITRASA que rematará ó redor do ano 2025. Fíxense vostedes que aínda non comezamos o ano 2010, aínda queda moito pero xa se nos anuncia que queren modificar o contrato.

Sr. Calviño, por responsabilidade política, porque fun elixido democraticamente nunha lista e estou encantado de servir ós cidadáns, seguirei vixiante para calquera movemento que se faga nese sentido. Xa lle anuncio que nos opoemos

rotundamente con argumentacións, defendendo os intereses lexítimos de todos os cidadáns que os votaron a vostedes pero que tamén votaron a este partido.

Escoiteino dicir que todo se debe á crise. Agora semella que hai crise. Persoas máis autorizadas, con máis criterio, máis capacitadas e con mellores cargos ca min anunciárono reiteradamente pero agora resulta que hai crise. Congratúlome de que agora o recoñeza.

Eu tampouco saquei o tema dos pensionistas dos grupos un e dous, porque sempre di vostede que está encantado de que eu o saque pero esta vez anticipouse, non se puido conter, aínda que é profesor púidolle o impulso, de poderen, de machucarme politicamente.

Estou encantado, Sr. Calviño, de que os máis necesitados desta cidade que son os pensionistas do grupo un que como sabe a prensa non chegan a finais de mes e os pensionistas do grupo dous que son os que se igualan e aí está o Sr. Rodríguez Díaz que loita pola igualdade xa que era un magnífico sindicalista (agora é outra cousa) e hai que loitar por estas persoas porque non chegan ó salario mínimo.

A min me pesa pensar que vostede deixa esa parcela nas mans da dereita reaccionaria cando son vostedes e o BNG os que loitaron sempre por esas políticas activas progresistas. Vostede deixa nas mans da dereita recalcitrante, mexeriqueira, casposa todos eses resortes e fixemos unha política activa magnífica, contundente para esas persoas que así poden viaxar hoxe dun ó outro lado e coñecen a cidade porque evidentemente non poden viaxar a Lanzarote.

Falou tamén da folga do metal pero resulta que daquela vostede non estaba, estaba no Perineo e queimaron un autobús. Bota a culpa á folga do metal e vostede algo tería que dicir pero non estaba e o Sr. Alcalde xunto co Sr. López Font si estaban ás tres da tarde nas cocheiras de VITRASA. De seren eu concelleiro e de non estaren nunha situación así o pasaría francamente mal, non tería capacidade de me presentar a ocupar este lugar, dígollo de verdade.

En canto ó tema dos concursos, nós deixamos fronte cen, seiscentas marquesiñas; fronte dous millóns que pagaban, corenta millóns e coa reversión. Esa é diferenza dos concursos. Os que se mollan nos concursos son os técnicos e

nunca porei a menor mácula cun informe técnico enriba da mesa porque son os técnicos quen lle garanten a seguridade xurídica ós políticos, quen nos garanten que nós poidamos estar máis comodamente nos nosos asentos, os técnicos son os que asinan os informes.

Voulle dicir máis, a XER, a antiga ORA, perdeu tamén o recurso no contencioso polo que todo o que fixera o Goberno do PP en materia de concursos no Concello... Sei que na Asesoría Xurídica están moi contentos porque se gañou o preito onde se tiña que gañar, nos tribunais.

Ese é o haber e estamos nun balance definitivo de finais de ano entre vostede e máis eu.

A PRESIDENCIA: Dúas pequenas observacións. En primeiro lugar a viaxe do Sr. Calviño nesa época foi unha viaxe oficial coma concelleiro. En segundo lugar creo que entramos nun mal escenario se empezamos a falar de onde cada quen pasa as vacacións.

(Está ausente o Sr. Domínguez Olveira do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, relativa á ampliación de frecuencias da liña de Vitrasa núm. 28, co texto que se

transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR FORMULANDO DIVERSAS PETICIÓNS EN RELACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS “EDUARDO CHAO”.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 28 de decembro de 2009, número de documento 90186664, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“De acordo coa Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da administración local de Galicia, RDL 781/1986 e RD 2568/1986, o Concello de Vigo impulsou unha liña de abrir a participación democrática das entidades asociativas que servisen de fundamento na democracia representativa.

A partir deste punto, o Concello de Vigo recoñeceu historicamente a existencia e representatividade explícita dunha entidade de fonda presenza na cidade como é a Federación Veciñal “Eduardo Chao”, por agrupar a expresión colectiva de todas as asociacións federadas que a crearon e que lle outorgan a súa representatividade de acordo cos marcos de establecidos de participación para os colectivos vigueses nas diferentes mesas e consellos sectoriais regulamentados polo concello.

A Federación Veciñal “Eduardo Chao” conta cunha longa traxectoria na cidade en canto á súa participación en innumerables actividades de reivindicación, celebracións, formación, información, desenvolvemento de proxectos e cantas outras accións son necesarias para traballar na mellora da calidade de vida da nosa cidadanía. Neste sentido, sempre se mostrou como garante da democracia participativa, da xustiza social e da defensa dos dereitos individuais e colectivos dos veciños e veciñas.

A través da súa presenza como conxunto de colectivos veciñais federados en todas as parroquias e barrios da cidade, contribúe a vertebrar e á cohesión social do noso Concello, exercendo un papel de intermediario coas administracións. Esta mediación lévase a cabo sobre todo a partir da colaboración coa administración local, a participación nos distintos consellos sectoriais e o desenvolvemento de proxectos de acción e dinamización de interese xeral.

En base a todo isto, e tal como se estableceu no Regulamento de Participación

S. Ordinaria 28.12.09

Cidadá, a Federación veciñal foi declarada “entidade de utilidade municipal” por acordo do Pleno do Concello de data 27 de novembro do ano 2000.

Este traballo de “utilidade municipal” realízase mediante convenios de colaboración co Concello, xa que a federación veciñal é unha entidade sen ánimo de lucro. Estes convenios de colaboración que contribúen ao sostemento e mantemento da organización víñanse mantendo ininterrompidamente dende a creación da entidade polas asociacións veciñais que a compoñen.

Esta liña de colaboración da administración coa federación veciñal rompeu no ano 2008 coa non tramitación da partida correspondente aprobada nos orzamentos municipais dese mesmo ano por parte da Concellería de Participación Cidadá e a non inclusión de ningunha partida nos correspondentes ao ano 2009.

O convenio de colaboración asegura o necesario desenvolvemento da federación. E recalcamos a palabra “necesario” porque esta entidade está recoñecida polo propio Pleno como que os servizos que prestan á veciñanza son de “utilidade municipal” e, ademais, a representatividade que lle outorgan tantos as normativas sobre participación coma as propias asociacións que a compoñen.

O convenio de colaboración contribúe ao fomento das actividades de organización, xestión e administración interna como colectivo, xa que se presta un servizo de asesoramento, coordinación e promoción do movemento veciñal federado, así como un servizo de información continua á cidadanía como punto de referencia das consultas e reivindicacións que chegan a este colectivo.

O convenio tamén contribúe a potenciar as distintas actividades de carácter social, cultural, formadoras e divulgativas que se programan en coordinación con todas as asociacións.

Consideramos que o Concello debe fomentar a participación e a asociación da cidadanía.

Consideramos que o Concello debe contribuír ao sostemento e desenvolvemento das entidades xa creadas na cidade e principalmente das que exercen un labor máis activo e representativo, sendo recoñecidas de “utilidade municipal”.

Consideramos que o movemento veciñal, no seu conxunto, é un dos colectivos máis dinámicos, vertebradores e dinamizadores que existen na cidade. Unha organización asociativa tan grande e con tanta presenza e asentamento en todos os barrios e parroquias da cidade necesita dun órgano de coordinación creado polas propias asociacións para tal fin como é a Federación Veciñal “Eduardo Chao”.

Consideramos que o Concello de Vigo non pode retirar o apoio á Federación Veciñal “Eduardo Chao” e con iso poñerse en risco a continuidade dunha organización tan importante e recoñecidamente necesaria na cidade, que

aglutina a case totalidade das asociacións veciñais existentes en Vigo e que tanta implantación ten na dinámica social do Concello.

É por este motivo que nos diriximos ao Pleno Municipal do concello de Vigo para realizar a seguinte solicitude:

- 1.- Instar a que o Alcalde de Vigo reciba á Federación Veciñal “Eduardo Chao” no prazo dun mes para abordar os temas relativos á democracia participativa.
- 2.- Aboar a partida nominal a favor da Federación Veciñal “Eduardo Chao” recollida nos orzamentos do Concello de Vigo de 2008 baixo o epígrafe 4631489002 por importe de 54.091 euros.
- 3.- Introducir esta partida por importe de 54.091 euros -eliminada en 2009- nos orzamentos de 2010 que están en proceso de elaboración.”

DEBATE SOBRE A URXENCIA.- SR. FIGUEROA VILA: Desta moción déuselle traslado a todos os grupos políticos e a Federación de Veciños sobre o incumprimento deste Goberno municipal con esta entidade ó non lle abonar cantidades que aparecían nominais do ano 2008 e tampouco se contemplou esa partida no ano 2009. Parécenos que é de extrema gravidade a situación pola que está a pasar esta Federación, unha federación de veciños que representa a todo o colectivo veciñal desta cidade, entidade nomeada no Regulamento de Participación Cidadá coma entidade de utilidade municipal por acordo dun Pleno do Concello de data 27 de novembro do ano 2000 e que representa a participación cidadá.

Consideramos a urxencia dada a extrema gravidade da súa situación. Tiña compromisos con certos programas que non pode cumprir debido á retirada desta cantidade por un importe de 54.091 euros que aparecen nunha partida nominal a favor da Federación Veciñal Eduardo Chao, recollida nos orzamentos do ano 2008, co epígrafe 4631489002, que non se lle aboou e tampouco se introduciu a partida no ano 2009.

Coido que é unha entidade independente, supoño que dentro dese colectivo igual que acontece na sociedade viguesa haberá representación de todos os colectivos e grupos e que cada quen pode ter a súa afinidade a nivel individual pero está claro que esta federación se representa con participación, coma unha federación plural, unha federación que fixo un magnífico traballo a prol da sociedade civil viguesa en moitos aspectos e que evidentemente ás veces gusta e outras non. A

min moitas veces e como grupo político non me gustaban cales eran os seus posicionamentos cando gobernabamos pero tiñamos que asumilos aínda que outras veces podíamos coincidir.

Non é de recibo que por un sectarismo, por un trato desigual e discriminatorio se poida prexudicar a esta Federación que representa a moitos colectivos de asociacións de veciños desta cidade e coido que vai sendo hora, en primeiro lugar de que se trate esta moción. Se é así entrariamos no fondo do tema e fariamos as peticións correspondentes. Nós non presentamos nunca mocións fóra da orde do día pero coidamos que esta esíxeo a súa gravidade e que a Corporación debería pronunciarse sobre o seu tratamento ou non.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En primeiro lugar facer constar que esta moción non foi presentada en ningunha comisión informativa nin na Xunta de Voceiros. Puido ter seguido calquera dos dous trámites previstos para o tratamento das mocións.

Aínda que o Sr. Figueroa ó final da súa intervención di que non entra no fondo, si fixo reflexións de certo fondo pero o que se esqueceu foi de mencionar nin unha soa razón que xustifique a urxencia desta moción polo tanto o Goberno non apoia esa urxencia porque vostede mesmo non achegou unha soa razón.

(Está ausente o Sr. Domínguez Olveira do Grupo municipal do BNG).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

REXÉITASE a declaración da urxencia ó non se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de

régime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e régimen xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro

14.- (143).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * ROGO DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, DO GRUPO POPULAR, RELATIVO Á ORDENACIÓN DO DEBATE NO PLENO.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Reitero que na ordenación do debate neste Pleno volvéronse repetir os erros que houbo no anterior. Segundo se indicou polo Presidente no anterior os grupos municipais que non eran propoñentes das mocións soamente tiñan unha intervención. No Pleno pasado tivo dúas intervencións, neste tamén e polo tanto seguimos co criterio de que non hai criterio e que mentres non teñamos o regulamento orgánico do Pleno seguiremos coa decisión do Alcalde en cada momento.

A PRESIDENCIA: Debo dicirlle que non houbo ningún erro na aplicación. Efectivamente houbo pola miña parte unha falla de atención a unha concelleira do Grupo Socialista pero sinxelamente porque non mirei cando levantou a man e lle correspondía a súa intervención como grupo. No resto mantivéronse os criterios como pode ser constatado pola secretaria.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nunha moción do Bloque o Partido Popular tivo dúas intervencións cando segundo vostede reiterou en varias ocasións o grupo non propoñente ten unha soa intervención.

A PRESIDENCIA: Seguro que foi por un despiste meu.

- * ROGO DO SR. FIGUEROA VILA, DO GRUPO POPULAR, RELATIVO A ALUSIÓNS

PERSOAIS FEITAS DURANTE O CURSO DO DEBATE.

SR. FIGUEROA VILA: Neste Pleno producíronse varias alusións á miña persoa, eu calei pero quería facer un rogo de que se o Alcalde quere facer o control destes Plenos e non quere ter respostas por parte desta oposición a temas persoais que lle diga ós membros do seu Goberno que respecten ás persoas. Fixéronse unhas declaracións moi concretas do Sr. Font sobre o meu rexistro de intereses e quero contestarlle que está dende o ano 1987 no rexistro de bens e intereses deste Concello, por desgracia para min a declaración entre o ano 87 e o ano 2009 é na miña contra cunha diferenza moi importante de como entrei a como está agora a miña situación persoal e dicirlle ó Sr. Font que se está moi preocupado pola miña declaración que é pública e está nese rexistro de intereses dende o ano 87 con todos os meus ingresos e gastos e todos os meus pormenores, que non o faga e se preocupe das súas actuacións públicas porque eu pago a miña hipoteca pero vostede viviu nun piso do Estado sen pagar durante moitos anos. Seguramente iso interesarlle máis ós cidadáns que a miña propia declaración.

A partir de agora imos utilizar esta mesma estratexia, non imos contestar nos puntos pero nos rogos e preguntas si o imos facer a calquera tipo de alusións persoais que vostedes fagan porque menten, calumnian e tentan difamar. Vostede con esa afirmación que fixo sobre min tentou xerar un clima de escurantismo e dígolle onde están as miñas declaracións. Seguramente como son públicas, iso non o reflicte vostede na súa declaración pero iso é a realidade, eu pago a miña hipoteca e vostede viviu nun piso durante moitos anos sen pagar, piso que pagaban todos os cidadáns e o erario público.

A PRESIDENCIA: Na súa intervención hai dúas partes, unha de defensa propia que entendo e polo tanto ten todo o meu respecto e unha segunda de ataque e esta vez persoal e concreto porque ata o de agora o que se escoitou aquí foi sobre publicidade. Por tanto voulle dar a palabra ó Sr. López Font para que conteste a esta alusión persoal con ataque directo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, compróbase perfectamente que non sabe vostede

atender ó debate político, non sabe estar dentro dese debate. Aquí estamos a debater de política, vostedes están a facer moitas acusacións dende o primeiro Pleno desta Corporación e vostede é o responsable por facelas directamente e por alentar ós demais a faceren esas acusacións persoais.

Se vostede, como representante elixido democraticamente, non sabe ter un debate político no que dende o Goberno se lle pida publicar a declaración de intereses e actividades na páxina web igual que facemos outros, estamos a falar de política. Eu non lle fixen ningunha acusación, o Alcalde tiña a opción de poñer a súa declaración de intereses e actividades na páxina web, eu tamén a tiña e fíxeno e vostede a a Sra. Porro mentres estiveron nesta Corporación non o fixeron.

Eu non falo de que eu poida ver a súa declaración como representante elixido democraticamente. Estou a falar e contestando ó Sr. Conde e a outros cando falan de falla de transparencia e falla de legalidade. Un motivo da transparencia e un dato moi claro de como somos os que estamos nesta parte da bancada é que facemos pública a nosa declaración e o que eu digo politicamente é que a ver se o fan vostedes.

Eu non lle ataquei persoalmente, xa se confunde porque hoxe estivo tanto tempo fóra que non sabe que non fun eu, foi outro membro do meu grupo pero xa vexo que vostede non é quen de manter o debate político e algo aínda peor: xa vexo que anuncia que non vai colgar a súa declaración na páxina web, xa vexo que nos invita a que en todo caso poidamos pedir nós a súa declaración e eu non vou facelo porque os interesados en coñecer a súa declaración e máis a da Sra. Porro son os cidadáns. Iso é o que vostede non fai.

En relación co debate político e en canto á alusión persoal, é unha difamación na que xa verei como actúo persoalmente porque politicamente, Sr. Figueroa, é vostede o primeiro que debería saber que calquera vivenda oficial ten unha retribución en especie e eu pola vivenda na que estiven, non moitos anos senón quince meses, foi por razón do meu cargo. Unha vivenda na que quero que saiban todos os cidadáns pola que paguei a retribución en especie e iso é o primeiro polo que vostede me tiña que ter preguntado. Eu non deixei de pagar ningunha hipoteca, non lle consinto que faga esta definición.

Logo é vostede quen quere que impere o bo clima político entre grupos, é vostede quen pretende que con estas acusacións persoais, aquí politicamente haxa unha concordia? Que saiban os cidadáns claramente que estiven quince meses nunha vivenda da Autoridade Portuaria igual que outras persoas levan moitos anos. A proba da difamación que ten contra min é que xa me gustaría que vostede dixera o mesmo das persoas que viviron, viven e vivirán nas vivendas oficiais. Non vou dar nomes pero xa me gustaría que vostede, que só quere facer a acusación persoal contra min, presentase aquí ou preguntase quen viven nas vivendas e lle pedise á Presidenta do seu partido e Presidenta do Porto de Vigo en que condicións viven agora funcionarios nas vivendas da Autoridade Portuaria.

Como neste intre e durante moitos anos viviron catro persoas nesa vivenda, eu só fun unha excepción dos que viven do cadro de persoal da Autoridade Portuaria durante quince meses, cando hai persoas que é posible que levan vivindo trinta anos e o peor disto é que vostede o sabe e como non se sabe defender politicamente porque non quere colgar a súa declaración na páxina web, ese o problema, para encubrir iso ten que atacarme a min.

Pois eu cando tiven unha hipoteca pagueina. Teño neste momento unha hipoteca e por razón do meu cargo vivín alí, un cargo ó que lle adicaba normalmente de doce a catorce horas de traballo durante quince meses. Pero vostede o que está a facer é difamar ás persoas que viven alí, que levan trinta anos vivindo alí, a catro familias que viven legalmente nas vivendas da Autoridade Portuaria por querer difamarme a min.

Agora si que lle vou pedir á Sra. Porro e achegarei aquí sobre a legalidade do goce das vivendas que pode conceder, non a presidenta que hai agora, senón os presidentes do Porto que estiveron.

Queda comprobado, Sr. Figueroa, en primeiro lugar que ten medo político a colgar a súa declaración na páxina web, iso demostrouno hoxe. En segundo lugar que con tal de tapar iso válelle todo incluída a difamación persoal e eu síntome difamado polas súas declaracións neste Pleno pero saiba que tamén difamou a traballadores da Autoridade Portuaria que non lles fixeron a vostede absolutamente nada porque nas condicións nas que eu estiven están eles,

estarán e estiveron.

A PRESIDENCIA: Levántase a sesión e rematemos cun feliz ano para todos e todas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.